



UNIVERSIDADE DA CORUÑA




DEPUTACIÓN  
DA CORUÑA  
[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



**INFORME PRELIMINAR  
A REALIDADE DA ACCIÓN  
CULTURAL, XUVENIL E DEPORTIVA  
DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA**



**INFORME PRELIMINAR**

**A REALIDADE DA ACCIÓN  
CULTURAL, XUVENIL E DEPORTIVA  
DOS CONCELLOS DA  
PROVINCIA DA CORUÑA**



**PRESIDENTE DA COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTE E XUVENTUD**

**CARLOS E. LÓPEZ CRESPO**

**COORDINACIÓN DO PROXECTO**

**CARLOS M. VARELA ULLA (DEPUTACIÓN DA CORUÑA)**

**COORDINACIÓN CIENTÍFICA**

**MARÍA DOLORES CANDEDO GUNTURIZ (UNIVERSIDADE DE A CORUÑA)**

**EQUIPO DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**HÉCTOR MANUEL POSE PORTO (INVESTIGADOR - COORDINADOR)**

**RAÚL FRAGUELA VALE (INVESTIGADOR)**

**ARACELI SERANTES PAZOS (INVESTIGADORA)**

**MARCELINO ESMORÍS REY (BOLSEIRO)**

**MARÍA MATILDE MARTÍNEZ RODRÍGUEZ (BOLSEIRA)**

**EQUIPO DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE**

**COMPOSTELA**

**MARÍA BELÉN CABALLO VILLAR (INVESTIGADORA - COORDINADORA)**

**JOSÉ ANTONIO CARIDE GÓMEZ (INVESTIGADOR)**

**PABLO ÁNGEL MEIRA CARTEA (INVESTIGADOR)**

**MARÍA DEL CARMEN MORÁN DE CASTRO (INVESTIGADORA)**

**XOSÉ GUMERSINDO ALONSO BERNÁRDEZ (BOLSEIRO)**

**XOSÉ MANUEL VIDAL BOUZÓ (BOLSEIRO)**

**COLABORADORES**

**LAURA CRUZ LÓPEZ (COLABORADORA)**

**MANUEL GARCÍA FERNÁNDEZ (ASESOR METODOLÓXICO)**

Edita: Excmo. Deputación da Coruña

Maquetación: Araceli Serantes Pazos

Ilustracións/fotografía: Autores do informe

© Editorial:  
Diputación Provincial de A Coruña  
Alférez Provisional, s/n.  
15006 - A Coruña

Depósito Legal: 2351/02  
I.S.B.N.: 84-95950-29-4

Imprenta Provincial  
A Coruña, 2002

## ÍNDICE

**9 LIMIAR**

**11 MARCO TEÓRICO-NORMATIVO DA ACCIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL NAS ADMINISTRACIÓN LOCAIS**

**25 METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN**

**31 ANÁLISE DA ENTREVISTA ÓS RESPONSABLES POLÍTICOS DAS ÁREAS DE CULTURA, DEPORTES E XUVENTUD.**

**41 INFORME DA ACCIÓN CULTURAL**

**51 INFORME DA ACCIÓN DEPORTIVA**

**61 INFORME DA ACCIÓN XUVENIL**

**75 LIÑAS ESTRATÉXICAS**

**85 OBSERVATORIO CULTURAL DA PROVINCIA**

**89 REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

**91 ANEXOS**

- ENQUISA ÓS TÉCNICOS DE CULTURA
- ENQUISA ÓS TÉCNICOS DE DEPORTES
- ENQUISA ÓS TÉCNICOS DE XUVENTUD
- FICHA DESCRIPTIVA XERAL DO CONCELLO
- ENTREVISTA Ó/A RESPONSABLE POLÍTICO DA ÁREA DO CONCELLO

## LIMIAR

A Exma. Deputación de A Coruña aspira ó desenvolvemento óptimo das competencias municipais para que tódolos concellos da provincia poidan estar en condicións de prestar servicios de calidade que teñan en conta, tanto as demandas dos cidadáns como as necesidades sociais detectadas. Nesta perspectiva, o desenvolvemento cultural, a promoción do deporte e as denominadas políticas de xuventude enténdense como áreas ou sectores estratégicos da acción municipal, sendo necesario un coñecemento máis profundo do seu estado actual no ámbito territorial que compete a esta Deputación para establecer liñas de actuación que permitan innovar e mellorar a calidade dos servicios que actualmente se prestan.

Tendo en conta esta aspiración, a ÁREA de Cultura e Benestar Social da Deputación Provincial asinou un Convenio de Colaboración coas Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña para desenvolver un Estudio de carácter avaliativo-diagnóstico que analizara a realidade do quefacer municipal na provincia de A Coruña, tomando como obxecto de estudio as áreas ou ámbitos xa mencionados da cultura, a xuventude e o deporte. A finalidade principal do Convenio, tal e como figura no seu protocolo, é “acadar un coñecemento en profundidade das realidades anteriormente citadas, que servirá de base para a planificación das actuacións” e o establecemento de novas liñas estratégicas para que orienten o labor da Deputación co fin de mellorar tanto a sua política de apoio e asistencia ós municipios como as propias realidades investigadas. As Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela, a través do Departamento de Pedagoxía e Didáctica das Ciencias Experimentais e do Departamento de Teoría e Historia da Educación respectivamente, entenderon a conveniencia e a oportunidade de asumir este reto, confor-

mando dous equipos de investigadores de diversa procedencia disciplinar.

O mosaico dos 94 concellos que conforman a provincia de A Coruña, territorio competencial da Deputación, conformaron o ámbito da investigación. Sen embargo, diversas causas fixeron que non tódolos municipios, a través dos responsables políticos das áreas analizadas ou dos técnicos encargados da súa xestión, participaran na mesma. De tódolos xeitos, as mostras finalmente resultantes son o suficientemente significativas para poder perfilar a realidade provincial nos ámbitos da acción local seleccionados.

Por outra banda, o estudio de tódolos aspectos englobados nos obxectivos da investigación, esixiu un deseño metodolóxico que integrase instrumentos de carácter cuantitativo e cualitativo para a recollida de información: elaboración dunha ficha sintética con datos básicos sobre a realidade socioeconómica e cultural de cada concello; cuestionarios específicos para os responsables técnicos de cada área analizada; entrevistas semiestructuradas ós responsables políticos de cultura, deporte e xuventude; análise de programas, servicios e actividades difundidos en diversos soportes convencionais e das páxinas web municipais; elaboración dunha serie de indicadores socioeconómicos para valorar a realidade municipal; son algúns dos instrumentos e estratexias ás que nos referimos.

O Informe previo que agora se presenta consta de varias partes. Unha primeira, na que se recolle o marco legal-normativo polo

que se orienta a Administración Local, derivado das Leis, Regulamentos, Disposicións e Recomendacións dictadas pola Unión Europea, o Goberno do Estado e a lexislación autonómica, rematando cunha serie de recomendacións de carácter estratégico cara as políticas locais. Unha segunda parte, onde se presenta a metodoloxía da investigación así como o avance das realidades socioeconómicas e opinións dos responsables políticos das áreas materia do Estudio que foron entrevistados. Seguidamente, ofrécense algúns datos sobre as principais variables analizadas sobre á acción cultural, xuvenil e deportiva dos concellos. E, por último, esbózase unha batería de recomendacións dirixidas á Deputación Provincial co gallo de mellorar, tanto a súa intervención como, indirectamente, as realidades municipais investigadas.

Asinado o Convenio de Colaboración en xuño do pasado ano, coa entrega do presente Informe Previo en abril e do Informe Final en xuño de 2002 concluirá esta Investigación. Os resultados obtidos e as propostas operativas que poidan derivarse das súas recomendacións, fanno alviscar futuras colaboracións entre as entidades agora implicadas. A orientación axeitada das políticas públicas require, entre outros factores, o coñecemento científico, sistemático e riguroso das realidades "nas" e "sobre as" que se actúa. As universidades existentes na provincia queren participar deste labor, poñendo á disposición, neste caso, da Deputación da Coruña, os recursos humanos e técnicos cos que contan.

*O Equipo Investigador*

## MARCO TEÓRICO-NORMATIVO DA ACCIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL NAS ADMINISTRACIÓN LOCALS

Desde fai décadas, tamén entre nós, os valores da democracia lexitiman a iniciativa dos poderes públicos na articulación de diversas experiencias cívicas, mediante as que se pretenden outorgar novos e importantes protagonismos á *cultura*, ó *deporte* e á *xuventude*. Alomenos, na perspectiva do que se declara e promove nos seus respectivos nomes, procurando inserir as prácticas que os afectan no esceario más amplio da calidade de vida e do benestar social.

Sen dúbida, trátase de procesos e/ou realidades que nunca poden ser lídos á marxe doutras circunstancias que anticipan, explican ou xustifican a súa desigual relevancia para o desenvolvemento humano, sexa éste interpretado en clave individual ou colectiva. E que, xeralmente, están asociadas á satisfacción de necesidades básicas para a subsistencia e a convivencia, entre as que poden salientarse as relacionadas coa alimentación, a seguridade, a afectividade, a saúde, a liberdade ou a formación. En calquera caso, valorando as dificultades que supón imaxinar un quefacer cultural ou deportivo que poida estar inserido en condicións de privación material ou moral; ou unha atención específica á xuventude nun medio que sexa indiferente ás urxencias de grupos sociais más fráxiles, coma os que poden conformarse no interior da infancia ou da vellez.

De feito, considerados globalmente, nin a *cultura* nin o *deporte* en tanto que prácticas sociais complexas, nin os mesmos *xóvenes* como colectivo humano diferenciado por criterios de idade, semellan habitar espacios moi distintos dos que toman como referencia outras facianas da vida social, más voltadas cara ó mundo do traballo, da educación, da política ou da condición cidadá en xeral. De aí que, a pesar de que sexa fre-



cuente -e tamén preciso- contemplar as súas prácticas e situacións dun xeito diferenciando (por exemplo, cando nos referimos á *cultura*, ó *deporte* ou á *xuventude*) co propósito de singularizar cada unha das súas realidades), en todas elas se poñen de relieve os significados que comparten entre si, como corolario dun proceso histórico no que a plena cobertura dos dereitos das persoas é cada vez más indisoluble das responsabilidades que contraen as Administracións Públicas -e as mesmas persoas- na construcción dunha sociedade máis equitativa e cohesionada.

### **As referencias local-global como señais de identidade: encadre dunha realidade provincial no escenario internacional**

Neste contexto, e mesmo recoñecendo que non é un argumento suficiente, a propia complexidade das realidades sociais xustifica que centremo-la nosa atención na *cultura*, o *deporte* e a *xuventude* como “temas-problema” obxecto dun estudio coma o que presentamos. Ou, máis que iso, que propiciemos a súa relativa segregación, con fins analíticos, en tanto que *políticas* que impulsan e regulan as súas prácticas nos ámbitos que son competencia dos poderes locais; en concreto, dos que delimitan os concellos da provincia da Coruña. Non só coa intención de coñecer e interpretar esas realidades, senón tamén coa vontade inequívoca de contribuir a transformalas, mellorando as súas concepcións, actuacións e logros a curto, medio e longo prazo.

Sexa como sexa, asúmese que os concellos e as Administracións que os representan son testemuñas privilexiadas da vitalidade que caracteriza á sociedade contemporánea,

nunha etapa marcada pola incesante renovación das súas estruturas (políticas, económicas, culturais, relixiosas, éticas, etc.), así como dos modos de afronta-lo presente e de imaxina-lo futuro. E que, en liñas xerais, tratan de incorpora-las súas dinámicas (desde a toma de decisións ata a disponibilidade de recursos ou a posta en marcha de programas de acción) ás estratexias de desenvolvemento social -nos planos local e global-, como un factor de identidade, de madurez democrática e de procura dun benestar social con capacidade para proxectarse na vida de tódolos persoas.

Neste sentido, e aceptando a denominación xenérica de políticas “culturais”, de “xuventude” ou “deportivas”, son propostas mediante as que se suscriben unha serie de principios, obxectivos, estratexias ou actuacións nas que se recoñecen e vitalizan diversas dimensións do quefacer político municipal, en aspectos coma os seguintes:

- Promover e/ou afianza-la existencia dun sistema político democrático que permita a participación de diferentes instancias, colectivos e persoas, dende a infancia ata a vellez, fundamentando o quefacer colectivo nos preceptos constitucionais que son garantes da liberdade, a xustiza, a igualdade, etc.
- Habilitar a dispoñibilidade de estruturas organizativas, social e políticamente lexitimadas, nas que se diversifiquen as funcións e responsabilidades dos poderes públicos, tanto nos planos que afectan á ordenación territorial como ás dinámicas institucionais e cidadáns. Estructuras para as que son esenciais os principios de representación, coordinación, cooperación, descentralización, etc.

- Posibilitar un coñecemento adecuado das realidades contextuais, dos problemas, necesidades e demandas das persoas mediante estudos diagnósticos e/ou prospectivos, coa intención de orienta-las decisións e prácticas más idóneas e prioritarias.

- Dispor dunha dotación suficiente de recursos humanos, infraestructurais e económicos cos que se lle outorgue “valor material” á vontade política, traducindo as súas declaracións en iniciativas e experiencias realizables, e que poidan ser deseñadas e avaliadas atendendo a procesos e logros tanxibles.

- Favorece-lo desenvolvemento dun talante crítico, incluida a capacidade da autocriticidade, respecto das iniciativas e resultados que se promovan, tomando en consideración distintas referencias de natureza política, técnica, axiolóxica, metodolóxica, etc.

Todos eles, son aspectos que teñen sido contemplados en diferentes Declaracións e Plans de Acción de alcance internacional, como a “*Conferencia Intergubernamental sobre Políticas Culturais para o Desenvolvemento*”, celebrada en Estocolmo en marzo-abril de 1998; ou o Programa “*Cultura 2000*”, aprobado polo Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2004 (véxase Diario Oficial das Comunidades Europeas de data 10 de marzo de 2000). En ámbolos dous casos, insistindo en que as políticas culturais deben ocupar un lugar central nas políticas de desenvolvemento; en que deben ser promovidas a creatividade e a participación na vida cultural dos pobos; na necesidade de incentiva-la diversidade

cultural e lingüística *dentro de e para a* sociedade da información; ou en poñer mais recursos humanos e orzamentarios a disposición do desenvolvemento cultural. Tamén é salientable a aprobación, en Barcelona (1998), da “*Carta de Servicios Culturais Municipais*”, na que se formulan distintas recomendacións sobre as políticas culturais locais, incidindo nos soportes ou orientacións extratéxicas de mínimos.

Polo que respecta específicamente ó construción dun espacio cultural común ós pobos europeos e ás concepcións que deben prevalecer nas súas políticas culturais, tense insistido na necesidade de favorecer la cooperación entre os creadores, os operadores culturais, os promotores tanto públicos como privados, as actividades das redes culturais e demáis partes asociadas, así como das institucións culturais dos Estados membros e dos demáis países participantes co fin de acadar os obxectivos seguintes:

- A promoción do diálogo cultural e do coñecemento mutuo da cultura e da historia dos pobos europeos;
- A promoción da creación, a difusión transnacional da cultura e a circulación de artistas, creadores, outros operadores e profesionais da cultura e as súas creacións con especial énfase nos xóvenes socialmente desfavorecidos así como na diversidade cultural;
- Poñer de relieve a diversidade cultural e o desenvolvemento de novas formas de expresión cultural;
- Compartir e destacar, a nivel europeo, o patrimonio cultural común de importancia europea; difundi-las técnicas e promove-

- las prácticas adecuadas para a súa conservación e salvagarda;
- Ter en conta o papel que desempeña a cultura como factor económico e factor de integración social e de ciudadanía;
- A mellora do acceso á cultura e da participación na mesma para o maior número posible de cidadáns na Unión Europea.

Aínda que é escasa a normativa comunitaria de natureza lexislativa que incide directamente na dinámica municipal, cabe sinalar que as súas Decisións (a modo de “recomendacións”) e Directivas (que son de obrigado cumprimento) reflíctense habitualmente no quefacer das Administracións Locais, promovendo diversas ideas-forza respecto de novos planteamentos estratégicos, de carácter global ou sectorial, que seguindo as pautas marcadas pola *Declaración de Bremen* de 1983 sobre “Cidade e Cultura” e a *Declaración de Florencia* sobre “Cultura e Rexións” adoptada en 1987, a resultas da acción común emprendida pola Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais e polo Consello da Cooperación Cultural do Consello de Europa, enfatizaron a necesidade de manterse moi atentos ás relacións harmónicas entre as estruturas rexionais e locais, para “evitar unha intrusión das políticas rexionais na autonomía local e favorece-la valorización do potencial cultural local por parte das rexións” (Bassand, 1992: 285). Ben é certo, que habería que agardar ata as concrecións do *Tratado de Maastrich* (1992) para que se lle dera verdadeira importancia á cultura e ós ámbitos afíns das políticas de “valor engadido”, como as que afectan ó deporte e á xuventude. Iso sí, baseándose sempre no principio de subsidiariedade, expresado

no artigo 38 do *Tratado*: “a Unión só intervirá en todo o que, por defecto, non poida ser assumido polos Estados”.

Polo que se refire ó deporte, o seu recoñecemento como un derecho dos cidadáns, acompañado da atribución de responsabilidades ós poderes públicos no fomento do mesmo, son dúas constantes da política deportiva internacional desde mediados dos anos sesenta. Documentos como o *Manifesto sobre o Deporte*, promovido polo Consello Internacional para a Educación Física e o Deporte (UNESCO, 1968), a *Carta internacional da Educación Física e do Deporte* (UNESCO, 1978) ou a *Carta Europea do Deporte para Todos* (Consello de Europa, 1979), insisten en recomendar ós gobernos dos distintos países os compromisos que deben asumir no desenvolvemento do deporte como unha parte sustantiva da educación e da cultura das sociedades. Nos textos, faise especial fincapé nos medios materiais da práctica deportiva, fronte á carencia crónica de equipamentos e instalacións deportivas, e no financiamento da mesma. O denominador común destas iniciativas remítese ó énfase que se pon nas responsabilidades dos poderes públicos na creación das condicións necesarias para que o deporte sexa un ben asequible a tódolos cidadáns.

En todo caso, independentemente da existencia ou non de plans estratégicos ou de políticas territoriais (en materia cultural, deportiva ou de xuventude) con vocación integral e integradora, en Europa detéctase a preocupación crecente por amplia-los horizontes que deben servir de referencia as actuacións municipais, tratando de formalizar obxectivos que orienten ó conxunto dos poderes públicos e máis específicamente ós

que configuran o diversificado elenco de gobernos e actores locais. E que, con visión de futuro, tal e como sinalan Brugué e Goma (1998: 265) comparten o desafío de incrementa-las interconexións entre diferentes políticas, “convertindo ditas interconexións en espacios de sinerxía, de reforzo recíproco de obxectivos, en función dunha estratexia global de desenvolvemento local”; tratando, en definitiva de “volcar os esforzos das políticas locais cara un obxectivo compartido do *anclaxe comunitario*, é dicir, facer dos municipios e dos seus habitantes verdaderas comunidades de cidadáns e cidadás”.

Coinciden estas apreciacións co pulo que teñen recibido nos últimos anos as reivindicacións orientadas ó logro dun mínimo común denominador europeo polo que á autonomía local se refire, establecido polo Consello de Europa na súa “*Carta Europea da Autonomía Local*”, aprobada o 15 de outubro de 1985 e, como Tratado Internacional, ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988. Na mesma defínese a autonomía local como “o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da Lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes”. Para que esta concepción da autonomía poida desenvolverse, a *Carta Europea da Autonomía Local* prevé que as disposicións políticas e lexislativas garanten unha serie de principios básicos, como son:

a) A *democracia* dos procesos, de modo que se realice a elección por sufraxio universal dos órganos representativos e executivos das entidades locais.

b) A *participación* da ciudadanía, compatibilizando a democracia representativa coa participación directa dos cidadáns, individualmente ou asociados, incluído o referéndum.

c) A distribución e atribución de *competencias* con diferentes graos de responsabilidade. Así, a un sistema de competencias propias (plenas e completas), fixadas pola Constitución ou atribuidas polas leis, deberán engadirse competencias delegadas polos niveis institucionais superiores. Ó que se engade a posibilidade de actuacións para que as entidades locais poidan exercer con plena liberdade a súa iniciativa “en toda materia que non esté excluída da súa competencia ou atribuida a outra autoridade”.

d) A potestade de *autoorganización*, recoñécendose a capacidade para que as entidades locais poidan decidir por si mesmas as súas estruturas administrativas internas, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades e permitir unha xestión más eficaz.

e) A *suficiencia financeira*, no que supón tanto de potestade para establecer tributos propios, conforme ás leises, como a efectiva participación nos ingresos das instancias superiores da Administración.

f) A *participación nas decisións doutras Administracións*, sobre todo no que conleva a necesidade de que as entidades locais sexan consultadas nos procesos de planificación e decisión que lles afectan directamente.

## O referente constitucional: a cultura, a xuventude e o deporte como competencias político-administrativas

Sen que poida eludir este marco, e consonte a un proceso singularizado pola transición dun Estado totalitario a un Estado democrático, a *Constitución Española*, ratificada en Referéndum o 6 de decembro de 1978, contemplará a regulación da cultura en dúas perspectivas distintas (Serrán, 1980: 73-76):

a) Nun sentido global, considerando a cultura como un sistema cultural, sinalando expresamente que “corresponde ós poderes públicos... facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social” (artigo 9), dispoñendo a tal fin que “os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural” (artigo 48). Tamén con esta perspectiva global, no Preámbulo da Constitución faíse explícito que “a nación española... proclama a súa vontade de... promovelo progreso da cultura e da economía para asegurar a todos unha digna calidade de vida”. Outras referencias á cultura nesta percepción globalizada están expresadas, entre outros, nos artigos 44, cando se alude a que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”, e 149 no que se anota que “o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial”.

b) Nun sentido específico, relativo ó ámbito dos distintos aspectos concretos que inciden sobre a cultura: os medios, instrumentos e suxeitos que teñen

relevancia na creación, depósito e transmisión da mesma, etc. Son obxecto desta consideración particular cuestións relativas ó “patrimonio cultural” (artigo 3 e 45), ós dereitos de liberdade de expresión (artigo 20), á educación como medio fundamental para o progreso e a transmisión cultural (artigo 27), etc.

A *Constitución Española* de 1978 recoñece e garante no seu artigo 2 o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que integran o conxunto nacional. Neste sentido, o establecemento e regulación da ordenación política e territorial do Estado (ó que se alude no Título VIII da *Carta Magna*), informados por este principio de “autonomía”, deberá traducirse en que tanto no ámbito das Comunidades Autónomas como no que é propio das Administracións Locais (Municípios e Provincias), as súas respectivas entidades gocen de autonomía “para a xestión dos seus respectivos intereses” (artigo 137).

Máis que isto, no artigo 143, parágrafo 1, establecécese que as provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade histórica poderán acceder ó seu autogoberno e constituirse en Comunidades Autónomas. En definitiva, facendo explícita, na letra da propia Constitución, a existencia de culturas rexionais con rasgos propios sustantivos, conformados históricamente. En opinión de Serrán (1980: 15), “a este recoñecemento tan amplio e xeneroso chegouse por superación dun concepto patrimonial da cultura, a través dun proceso de democratización cultural”.

De xeito específico, nos artigos 148 e 149, faise expresa en liñas xerais, a distribución competencial en materia de *cultura*, observándose na súa lectura como a maior parte

das competencias son compartidas por varias Administracións. Isto fai máis complexo e difícil, sobre todo para os Concellos (dependentes en grande medida dos poderes legislativos de orde superior), o establecemento das competencias exclusivas de cada Ente, sendo a maioría non só compartidas senón tamén concorrentes. Sen embargo, cumple sinalar que, na práctica, a intervención estatal en cada Autonomía é residual.

Polo que respecta á *xuventude*, debe salientarse que no seu artigo 48 a Constitución Española de 1978 sinala que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A responsabilidade das diferentes Administracións no fomento do *deporte* recóllese no artigo 143.3 da Constitución, nos seguintes

termos: “os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Asimismo, facilitarán a axeitada utilización do ocio”. Na súa redacción faíse evidente a falla dun recoñecemento explícito do deporte como un dereito dos cidadáns, ó limitar o deber dos poderes públicos o feito de fomentalo. Con posterioridade, na *Lei do Deporte*, 10/1990 de 15 de outubro, describense tres aspectos ben diferenciados do fenómeno deportivo, ó concebi-la práctica deportiva dos cidadáns como unha “actividade espontánea, desinteresada e lúdica ou con fins educativos e sanitarios” (Preámbulo). A primeira das consideracións, dirán Mestre e García (1997: 31), concitaría unha clara alusión ó deporte municipal, se ben na *Lei* non se explicitan as competencias que deben asumi-los Concellos en materia de deporte, aínda que profundiza nas dimensións do mesmo, algunas das cales semellan estar ligadas ó quefacer municipal.

### A realidade galega: do marco estatutario ó desenvolvemento das bases do réxime local

No que se refire a Galicia, no *Estatuto de Autonomía* (Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril) atribúense competencias plenas e/ou exclusivas á Xunta de Galicia respecto da promoción e desenvolvemento de políticas en materia de cultura, deporte e xuventude, concretando as súas opcións -directa ou indirectamente- en diferentes artigos do texto estatutario, como son os relativos á promoción do deporte (artigo 19), a unha axeitada utilización do lecer (artigo 22), promoción do desenvolvemento comunitario (artigo 24), fomento da cultura (artigo 27), etc. E que, no seu conxunto, posibilitan que a Comunidade Autónoma de Galicia dispón do marco normativo-legal necesario para implementar accións, servicios e programas propios, ademais de facer uso do principio de subsidiariedade nos casos e ámbitos en que sexa preciso, e mesmo conveniente.

Respecto das orientacións normativas vencelladas á iniciativa da Comunidade Autónoma de Galicia, ó igual que no tocante ás actuacións que se desenvolvan, está contemplada a participación dos Concellos e Provincias no quefacer político-administrativo que afecta a estas áreas, tendo en conta que no seu ámbito de competencias -proprias ou delegadas- e de acordo coa declaración ou cláusula xeral de competencia, para a xestión dos seus intereses, a Administración Local "pode promover toda clase de actividades e prestar certos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal". Neste sentido, cabe lembrar que os Municipios son definidos polo artigo 1.1 da *Lei Reguladora de Bases do Réxime Local* como "as entidades básicas da organización terri-

torial do Estado e carles inmediatos de participación cotiá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividades". E que as Provincias e a súa institución máis representativa -a Deputación Provincial- se ben non teñen, en principio, competencias propias e diferenciadas das do Municipio, a súa actuación debe atender á finalidade de asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servicios de competencia municipal e participar na coordinación da Administración Local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

Polo *Real Decreto* 2434/1982, do 24 de xullo, traspasáronse as funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de dirección e xestión e, de ser o caso, a titularidade das instalacións comprendidas na rede nacional de albergues xuvenís, residencias xuvenís, campamentos e campos de traballo; competencias, todas elas, asumidas polo Decreto 146/1982, de 1 de decembro. Así mesmo, polo *Decreto* 285/1989, de 16 de decembro, a Xunta de Galicia asume as funcións e servicios transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e en materia de desenvolvemento comunitario.

Actualmente, a normativa vixente en materia de xuventude no ámbito da Comunidade Autónoma galega está contemplada, tra-la súa refundición no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro. Nesta normativa se recollen unha serie de disposicións que atinxen á mocidade e que fan referencia a aspectos coma os seguintes: normas para a elaboración dun censo de entidades xuvenís e prestadoras de servicios á xuventude,

Escolas de Tempo Libre e os seus programas formativos, regulamento da Comisión Interdepartamental de Xuventude, legislación sobre as actividades de aire libre e regulamento da rede Galega de Información e Documentación Xuvenil.

En liñas xerais, a reiterada remisión á Lei, dirán Perdigó e Plandiura (2002: 165) ofrecerá no caso español "un amplio grao de liberdade ó lexislador para establecer un determinado sistema de competencias locais e, por suposto, para modifica-lo; e non só das competencias, senón de todo o ordenamento local -o chamado Réxime Local- no seu conxunto. Nun Estado composto ou Estado das Autonomías, como o noso, esta remisión constitucional á lei plantexa, en primeiro lugar, a trascendente cuestión de por medio de qué lexislación territorial se regulará o Réxime Local: a estatal ou a autonómica".

Tomando en consideración aspectos coma os aludidos, sería aprobada a *Lei 7/1985*, de 2 de abril, *Reguladora das Bases do Réxime Local*, na que, co propósito de dar efectividade á autonomía que contempla a Constitución para as Entidades Locais, en converxencia coa lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, ratifícase que a distribución de competencias "deberá asegurar ós Municipios, ás Provincias e ás Illas o seu dereito a intervir en certos asuntos afecten directamente ó círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade local, de conformidade cos principios de descentralización e de máxima proximidade da xestión administrativa dos cidadáns" (artigo 2.1). Nesta liña, e case sempre en termos de xeralidade, os artigos 25.1 e 28 coinciden en sinalar que "os Concellos poden desen-

volver actividades complementarias das propias das outras Administracións Públicas e, en particular, as relativas á educación, cultura, promoción da muller, vivenda, sanidade e protección do medio ambiente".

É no artigo 25.2 onde se fan más explícitas as competencias a exercer polos Concellos, sen que teñan que entenderse como exclusivas ou alleas á lexislación estatal ou autonómica (xa que os municipios non poderan sustraerse dos condicionantes impostos pola Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas), facendo referencia expresa á: protección do patrimonio histórico-artístico, prestación de servicios sociais e de promoción e reinserción social, desenvolvemento de actividades e/ou fomento de instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

O mínimo servizo cultural a prestar polos Concellos maiores de 5.000 habitantes consiste en dispor -obrigatoriamente- de biblioteca pública, áinda que, tal e como consta no artigo 26.2 e 27.1, en "peculiares circunstancias" os Concellos poden solicita-la dispensa na súa prestación ou delegar noutras Administracións. Neste mesmo sentido pode aludirse á obriga de prestar, entre outros servicios, instalacións deportivas de uso público nos concellos cunha poboación superior a 20.000 habitantes (artigo 26.1). A pesar disto, San Salvador (2000: 231) cuestiona a excesiva ambigüedad desta norma, ó considerar que a expresión "instalación deportiva" é demasiado xenérica, suscitando diversas interpretacións sobre os límites da obriga e as condicións mínimas que deben cumplir as instalacións vencelladas a este enunciado.

De feito, e anticipando unha serie de limitacións inherentes á complexidade deste

labor, no propio preámbulo da *Lei Reguladora das Bases de Réxime Local* se advierte que agás nalgúns excepcións, “son raras as materias que na súa integridade poden atribuirse ó exclusivo interéss das Corporacións Locais; loxicamente tamén son raras aquelas nas que non existe interéss local en xogo...”. Non é estrano pois, que o marco legal-competencial da acción cultural, deportiva e xuvenil dos concellos transite entre a concurrencia e a indefinición, posiblemente debido ó carácter incipiente destas políticas no marco das políticas públicas (Fogué, 2000). A inexistencia de marcos normativos específicos (agás nalgúns aspectos) e a reiterada xustaposición competencial entre diversos niveis da Administración territorial, non axudan a que iso sexa doutro xeito, deparando unha relativa fraxilidade na corresponsabilidade competencial. A esta situación engándese, tal e como sinala López de Aguileta (2000), as trabas que impón a burocratización existente, ó dificultar enormemente unha prestación eficiente de servicios.

No caso galego, a *Lei 5/1997*, do 22 de xullo, de *Administración Local de Galicia* complementa o lexislado na *Lei Reguladora das Bases de Réxime Local*, aínda que sen introducir aportacións diferenciais especialmente significativas, mantendo unha alta dose de ambigüidade respecto do quefacer cultural, deportivo e xuvenil que ten como soporte os poderes públicos locais. Salientamos, en particular, como no artigo 36.1.6 da Lei galega se sinala como competencia propia das Deputacións Provinciais “a asistencia e cooperación cos municipios”, sinalando a posibilidade de que a través da súa iniciativa e procurando a máxima rendabilización dos recursos disponíveis, a Administración provincial poña a disposición dos concellos diversas vías de colaboración,

sexas no plano dos medios humanos (asesoramento, formación, contratación de profesionais cualificados, etc.), dos bens instrumentais (documentación, infraestruturas, equipamentos, etc.) ou dos fondos económicos (por exemplo, mediante a suscrición de convenios e contratos-programa). Hai que sinalar que a devandita Lei (articulada en sete Títulos e outras tantas Disposiciones) serve de marco legal ás actuacións que poden emprende-las Deputacións Provinciais, como Administracións Locais que son.

De forma explícita, na *Lei de Administración Local de Galicia*, en diferentes apartados (k, n, o, p), alúdese á prestación de servicios e á cobertura de necesidades dos veciños referíndose á execución de programas destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade ou actividades culturais e deportivas, a ocupación do lecer e do turismo.

Na *Lei 11/1997*, de 22 de agosto, *Xeral do Deporte de Galicia*, concretanse as competencias das entidades locais en materia de deporte. No caso das Deputacións Provinciais (artigo 12) céntrase sobre todo nas relacións coa Administración Autonómica, e só nun dos seus puntos fai referencia á colaboración cos Concellos, expresando a necesidade e importancia de “colaborar cos concellos na promoción e fomento da actividade deportiva, en especial no deporte en idade escolar” (artigo 12.6). No tocante ós Concellos, a *Lei Xeral do Deporte de Galicia* establece un listado de competencias que permite entendé-las funcións que deben cumplir na organización e promoción do deporte (artigo 13), incidindo en cuestións coma: o fomento e promoción da actividade deportiva no seu territorio; a autorización da realización de actividades de-

portivas fora das instalacións deportivas e no patrimonio público municipal; a promoción, tutela e, no seu caso, execución de programas xerais do deporte en idade escolar; a construción de instalacións deportivas de carácter comunitario; a actualización do censo de instalacións deportivas no seu termo; a reserva de espacios e a calificación de zonas para a práctica do deporte e a instalación de equipamentos deportivos; o fomento da creación de asociacións deportivas; etc.

Concorren estas funcións e/ou actuacións en materia deportiva coa existencia dun marco normativo-legal no que se establece a responsabilidade competencial dos Concellos; e que, sendo a Administración mais próxima ós cidadáns, inciden no reforzo directo da cobertura das súas necesidades, demandas e intereses, sen que poida obviarse que por éstas e outras razóns, ó igual que sucede nos ámbitos da cultura e da xuventude, “existe unha práctica unanimidade entre tódolos autores en atribuir á Administración Local as maiores responsabilidades no fomento e xestión da actividade deportiva” (Blanco, Barrio e Juane, 1998: 43). Alomenos, tal e como indica Mediavilla (1997: 301), no que supón de asignar ós Concellos un importante papel na prestación dos servicios deportivos en todo o que suponía dotación de infraestructuras (etapa en fase de finalización), fomento (potencia-los hábitos deportivos), diversificación (atende-la demanda dos cidadáns e anticiparse a ela ofertando novas actividades), reequilibrio (achecha la práctica deportiva a colectivos tradicionalmente alonxados da mesma) e promoción (axuda a entidades con capacidade de colaborar coa política deportiva e de lecer da comunidade).

## Novas perspectivas para unha política local estratéxica

Concluímos esta breve exposición reflexiva, na que se lle ten outorgado especial relevancia ó marco normativo-legal, coincidindo con López de Aguileta (2000) en que semella obvio que o panorama competencial dos Concellos é aínda moi indeterminado, dependendo habitualmente do artellamento cotiá, día a día, que se produce entre os distintos niveis da Administración Pública. Este feito provoca situacións que conlevan un frecuente solapamento de iniciativas e programas, cando non unha moi desigual asunción de responsabilidades municipais en materia de política *cultural*, *deportiva* ou de *xuventude*, moi dependentes da vontade política dos gobernantes. Con todo, xusto é indicar que no seo desta mesma situación normativo-legal, hai excelentes exemplos de cómo un marco coma o existente pode ser suficiente para desenvolver un meritorio labor municipal en calquera dos ámbitos que son obxecto deste Informe; e que, entre outras cousas, evidencian que o límite orzamentario no é sempre condición “sine qua non”.

En calquera caso, non poderá pasarse por alto, tal e como sinala Corijn (2001: 67), facendo unha mención expresa ás políticas culturais, que sexa cal sexa o horizonte estratéxico no que nos situemos para desenvolver un labor de clara vocación cidadán e democrática, sempre estamos ante dilemas e riscos que obrigan a unha permanente renovación dos liderádegos locais e dos protagonismos públicos das súas institucións, en clara referencia ás Administracións Locais. Nesta dimensión estratéxica, a importancia de procesos ligados á análise da realidade, á toma de decisións, á planificación das iniciativas e á súa

avalación... serán fundamentais e indispensables na cultura do logro dunha política local cuantitativa e cualitativamente eficiente.

Consideramos especialmente significativas as aportacións realizadas en distintos foros ó redor dos “novos fundamentos para a política cultural”, nos termos en que -a modo de exemplo- se ten pronunciado nos últimos anos o Consello de Europa (1999: 283-305), reclamando un xiro sustantivo na “conciencia pública e política en canto ó significado de cultura e desenvolvemento” nas sociedades do terceiro milenio. E que, estimamos, tamén poden transferirse ós ámbitos que son propios das políticas deportivas e xuvenís, posibilitando que os políticos e as Administracións poidan repensa-las súas iniciativas e actuacións aplicando estratéxicamente os recursos dos que se dispón -en materia de cultura, deporte e xuventude- a “unha ampla gama de cuestións que recaen sobre os poderes públicos, e deste modo explota-las sinerxias potenciais e as oportunidades de desenvolvemento”. Inevitablemente, engaden, “dito enfoque necesitaría un replantexamento de moitos dos supostos sobre os que se basa actualmente o proceso político”.

Insiste o Consello de Europa en que non se trata tan só de cuestións que afectan ós mecanismos estructurais a aplicar senón de levar a cabo unha revisión fundamental dos principios que rixen as políticas e reformular os seus obxectivos. De aí que, adaptando as súas propostas ós parámetros que definimos neste Informe, poñámos énfase nunha *axenda política local* que incida en aspectos como os seguintes:

- Situa-la cultura, o deporte e a xuventude entre os núcleos más relevantes da actividade política, tendo en conta a súa intrincada relación con diversos aspectos

da vida social e económica. Unha cuestión que apela directamente á cooperación transversal en procesos que impliquen a diversos axentes sociais (creadores, artistas, deportistas, técnicos e profesionais, etc.) e Entidades, de natureza pública e privada. Isto deberá supor unha visión máis relacional do quefacer cultural, deportivo, educativo, xuvenil, etc., dándolle unha maior relevancia ós sectores activos da comunidade local (terceiro sector, industrias culturais e promotores deportivos, etc.).

- Respecta-la subsidiariedade onde corresponda, asegurando a coherencia na toma de decisións e procurando que éstas se sitúen o máis perto posible de quen se verán afectados por elas. Neste caso, dirán, a “subsidiariedade non se concibe únicamente como a delegación administrativa de poder; tamén debe ser considerada como un principio de autodeterminación, que presupón a participación activa de cidadáns en tódolos niveis da política” (Consello de Europa, 1999: 286).
- Promover novas fontes de financiación e de aproveitamento sostible dos recursos existentes nun determinado territorio e/ou comunitade, explorando distintos camiños para a obtención de fondos económicos: busca de formas novedosas de “axuda pública”, realización de alianzas estratégicas entre os sectores público e privado, etc. Cabe insistir especialmente na acción coordinada de distintos profesionais, servicios, etc. dun mesmo territorio (barrio, parroquia, vila, concello, etc.), favorecendo unha actuación compactada, integral e integradora, optimizando os recursos existentes ou os que sexa preciso conquerir.
- Diversificación dos sistemas de atribución e desempeño das responsabilidades

públicas, salvagardando os dereitos e as liberdades das persoas e das comunidades, posibilitando unha convivencia plural, tolerante e solidaria, plenamente respectuosa cos dereitos da cidadanía: protección e promoción do patrimonio lingüístico, atención diferenciada ós mundos rural e urbano, incrementa-la contribución da diversidade cultural ó logro dunha conciencia civil que contribúa á cohesión social, mobilización dos recursos humanos e institucionais cara unha nova ética social, integración de tódalas persoas independentemente da súa condición racial, de xénero, por idades ou por estatus socio-económico e laboral, etc.

- Enfatiza-lo significado operativo de principios e pautas de acción-intervención social que conlleven unha efectiva igualdade de oportunidades, especialmente a quen vivencia de xeito cotiá situacións de risco ou de dependencia: minorías de orixe étnico e/ou cultural, persoas discapacitadas; colectivos en condicións de marginalidade por razóns de pobreza, de paro e desemprego, de identidade de xénero, de idade, etc. Compartimos, neste sentido, a idea de que o acceso á cultura, ó deporte ou ó libre exercicio dos dereitos sociais por parte da xuventude, non resolverá as divisións sociais, pero poderá mitigá-las e serán unha axuda decisiva no reforzamento das institucións da sociedade civil.
- Incentiva-la creación ou redimensionamento de redes culturais, deportivas, educativas, etc. que multipliquen as posibilidades de acceso e cooperación dos cidadáns e das institucións en distintas realidades de alcance local-global, sen que se comprometa a súa vontade ou sentido de pertenza a un determinado lugar. Tanto no seu sentido “material” como “virtual”, isto implica desenvolver capacidades de

diálogo e intercambio que sexan plenamente consonantes coa progresiva configuración da era da información e da comunicación. Todos eles son aspectos relacionados con pautas destinadas a resitua-lo consumo cultural, o manexo apropiado das novas tecnoloxías, o fomento da colaboración na transición do local ó transnacional, a interacción sistemática entre persoas, colectivos e institucións, etc. Coincidimos tamén en que o local pode ser unha “resposta natural” á globalización, alomenos no que ésta comporta de imposición de pautas por parte de quen detenta algún tipo de poder económico, cultural, ideolóxico, etc.

En calquera caso, entendemos que son propostas ou actuacións que obrigan a un firme recoñecemento e promoción de iniciativas que subliñen o decisivo papel que ten a educación e a formación nas políticas culturais, deportivas e de xuventude. Unha educación que se estenda ó longo de todo o ciclo vital, inserida na cotidianeidade do pensamento e da vida, que conlleve unha efectiva implicación das institucións educativas (dentro e fora do sistema escolar) na procura de alternativas que habiliten novos modos de ser e de estar en sociedade. Unha tarefa que, dada a súa complexidade, non poderá ser conceptualizada á marxe de estratexias e métodos anovadores de socialización e aprendizaxe, ou, se se prefire, dunha pedagogía social que active o protagonismo da *xuventude* nos procesos de desenvolvemento humano, insistindo no trascendente cometido que teñen a *cultura* e o *deporte* para a calidade de vida e o benestar colectivo. E que, como se ten reiterado con certa insistencia valorice o papel dos poderes públicos locais na integración no mundo a través dunha universalidade de intercambios que non renuncie ós valores propios.

## METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN



Tal como se indicou, o estudio ten por obxectivos principais abordar de xeito descriptivo a realidade da acción cultural, xuvenil e deportiva nos concellos da provincia de A Coruña, así como realizar propostas alternativas para mellorar a situación e optimizar os recursos existentes. A este fin, optouse por un deseño metodolóxico que combine a perspectiva cuantitativa e a cualitativa, facilitando deste xeito o acceso a una información máis rica e contrastada.

En función destas perspectivas, recurriuse ós seguintes instrumentos e estratexias de recollida de datos, que comentaremos de seguido:

- **Cuestionarios** específicos e diferenciados -aínda que con elementos comúns de cara a facilitar a análise comparativa- para os ámbitos de cultura, deportes e xuventude, a cubrir polo persoal técnico municipal encargado das áreas citadas.
- **Entrevista**, en base a un protocolo semiestructurado, ós políticos responsables dos ámbitos obxecto de estudio.
- **Ficha descriptiva** xeral de cada un dos municipios da provincia.
- **Fontes secundarias**: busca de información complementaria en páxinas WEB, anuarios e informes, censos de asociacións; materiais divulgativos publicados polos propios concellos, etc.

## CUESTIONARIOS

Para a recollida de información cuantitativa procedeuse ó deseño de tres cuestionarios diferenciados (ver Anexos) segundo os ámbitos obxecto de estudio (cultura, xuventude e deporte), debendo ser cumplimentados polos técnicos da totalidade dos concellos coruñeses. Os cuestionarios foron distribuídos por correo, precedidos dunha carta da Deputación na que se presentaba o estudio e se solicitaba colaboración no mesmo.

A enquisa debía ser remitida ó equipo investigador antes do 30 de novembro de 2001, prazo posteriormente ampliado ata o 15 de xaneiro de 2002. Desde o equipo investigador e a Deputación coruñesa insistiu en repetidas ocasións na devolución dos mesmos cumplimentados, a pesares do que o número recibido -se ben significativo- non supera o 70% da mostra dos 94 concellos da provincia.

Os tres cuestionarios, de estructura similar, presentan unha batería de preguntas, fun-

damentalmente de carácter pechado, que suman 53 ítems no dirixido á área de "cultura" e 41 nos destinados a "deporte" e "xuventude".

En canto ó contido, as cuestións sobre as que se indaga, agrúpanse en torno ós seguintes bloques temáticos:

### Bloques temáticos dos cuestionarios

- datos de identificación e situación laboral do técnico
- descripción do posto de trabalho
- modelo de xestión da área
- recursos da área (materiais e humanos)
- infraestructuras e servicios
- programación (deseño, difusión, implementación e avaliación de programas)
- descripción das actividades

Inclúense tamén varias cuestións valorativas de carácter aberto sobre a situación e a prospectiva na área municipal de intervención que se toma como referencia.





Gráfico 1. Porcentaxe de cuestionarios recibidos por áreas.



Mapa 1. Mapa dos Concellos da Provincia da Coruña : resposta ós cuestionarios

## FICHA DESCRIPTIVA XERAL DO CONCELLO

O obxectivo deste instrumento era recoller información sobre aqueles parámetros ou indicadores básicos da situación municipal que axuden a precisar, contextualizar e valorar os condicionantes, as problemáticas, as posibilidades e a toma de decisións (políticas e técnicas) nos ámbitos de actuación obxecto de estudio.

A ficha tiña como destinatario ó secretario ou á secretaria do Concello, debendo completar na mesma 30 preguntas agrupadas en sete bloques temáticos. Os mesmos refírense a aspectos tanto descriptivos como interpretativo-valorativos da realidade local.

## Bloque temáticos da Ficha Descriptiva

### ASPECTOS

- xeográficos
- demográficos
- infraestruturais xerais
- institucionais, administrativos e de xestión
- políticos
- socioeconómicos
- educativo-culturais

Recibíronse o 44% das fichas enviadas. Cómpre salientar non só a baixa porcentaxe que representan sobre o total dos concellos coruñeses, senón tamén as notables carencias na información que proporcionan as fichas devoltas (omisións, errores de interpre-

tación, imprecisións...). Ante esta situación optouse por eliminar os items valorativos e completar a información descriptiva a través de diferentes fontes secundarias (IGE, anuarios, informes, páxinas Web, etc.).

## ENTREVISTA EN PROFUNDIDADE

Na óptica do equipo investigador, as entrevistas en profundidade incorporan ó deseño dúas perspectivas complementarias:

- desde o punto de vista máis metodolóxico serven para contrastar e triangular a información mediante as técnicas cuantitativas utilizadas;
- desde a complexidade que converxe na toma de decisións nos ámbitos municipais analizados, permite coñecer mellor a perspectiva política e contrastala coa técnica.

Aínda a maiores, posibilita unha observación directa das realidades obxecto de estudio, enriquecendo a interpretación da información recollida.

Os entrevistados foron os responsables políticos das áreas estudiadas: fundamentalmente concelleiros de Cultura, Xuventude e Deportes; no caso de non existir esta figura, situación relativamente frecuente nos concellos de menor número de habitantes, o entrevistado foi o alcalde, ou, nalgún caso, un tenente-alcalde.

Cómpre sinalar que esta tarefa significou a realización de ata tres entrevistas en bastantes dos municipios estudiados, se ben o más frecuente foi que só se fixera unha, por estar unificados os ámbitos na competencia dunha soa concellería.

A modo de guión, deseñouse un protocolo semiestructurado de 25 cuestións a tratar, agrupadas temáticamente tal e como se recolle a continuación:

### Bloques temáticos do protocolo das entrevistas

- Datos de identificación
- Características da xestión da área
- Orzamento e instalacións
- Liñas de intervención
- Coordinación con outras áreas ou departamentos
- Programas desenvolvidos
- Relacións coa Deputación

As entrevistas, dunha duración media aproximada de 40 minutos, foron realizadas polos membros do equipo de investigación, previa cita concertada telefónicamente, e habitualmente na sede do Concello.

Agás naqueles concellos, nos que despois de varios intentos por concertala non foi posible a súa realización, as entrevistas desenvolvéronse polo xeral con normalidade, se ben nalgún caso quedaron aspectos sen tratar por falta de dispoñibilidade do responsable político dalgunha das áreas de estudio.

Solicitouse a cada entrevistado a gravación das mesmas para facilitar o posterior manexo e tratamiento da información, demanda que foi aceptada na maioría dos casos. É de destacar a boa disposición da meirande parte dos entrevistados, que amosaron unha actitude plenamente colaborativa diante da solicitude do equipo investigador.


Unha vez concluído o trabalho de campo, as 111 entrevistas realizadas en 85 concellos,

foron transcritas garantindo en todo caso o anonimato dos informantes, omitindo calquera referencia persoal, topográfica ou doutro tipo que poidera facilitar a identificación das fontes.

## CONSIDERACIÓNS EN TORNO Ó DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO DE CAMPO

Para comprender na súa globalidade o proceso de recollida de datos no período adicado ó trabalho de campo, cómpre clarificar algunas circunstancias, dificultades e contratempos que o condicionaron, así como a lectura que o equipo investigador fai delas e da súa influencia no conxunto do estudio.

En primeiro lugar, un dos condicionantes detectados, especialmente para o desenvolvemento das entrevistas nos concellos más poboados, foi o feito de que se celebraran Eleccións ó Parlamento de Galicia o 21 de outubro de 2001. A coincidencia de parte do trabalho de campo co período de campaña electoral (ver cronograma), na que estaban involucrados alcaldes e concelleiros, sobre todo das grandes cidades, complicou en certa medida o labor do equipo investigador. Dado que a axenda saturada de boa parte dos políticos responsables das áreas de estudio dificultou concertalas, fíxose necesario ampliar os tempos fixados para a realización de entrevistas. É posible que nalgúns casos a presencia de campaña electoral fora un mero pretexto para eludir a investigación, pero cremos que, en liñas xerais, tivo unha incidencia real.



Valoración distinta merecen as dificultades atopadas polo equipo investigador para conseguir que algúns concellos da mostra remitiran convenientemente cumprimentados os cuestionarios con datos básicos das áreas de deportes, cultura e xuventude e do propio concello. Metodolóxicamente, ralízaronse tódolos esforzos posibles para contar con información do 100% do universo de concellos, pero a falta de disponibilidade de tempo por parte dos técnicos, a inexistencia en diferentes municipios, fixo imposible sobrepasar, como xa se indicou, o 70% da mostra no que se refire ós cuestionarios recuperados. Desta mostra, un número tamén importante cumplimentou

parcialmente o cuestionario, amosándose importantes lagoas na información disponible ou manexable sobre as súas respectivas realidades municipais.

Cabe sinalar nun estudio desta natureza, que pretende fixar unha "radiografía" do estado da acción cultural, deportiva e xuvenil dos municipios da provincia, axudando a detectar carencias e aportartando directrices que posibiliten a súa mellora, a inhibición á hora de facilitar información de certos concellos significativos polo seu fazer neste ámbito e polo volume demográfico que suman na provincia, constitúe unha eixa notable.




Gráfico 2. Cronograma das actuacións

## ANÁLISE DA ENTREVISTA ÓS RESPONSABLES POLÍTICOS DAS ÁREAS DE CULTURA, DEPORTES E XUVENTUDE.



### 1. DATOS XERAIS

Na provincia de A Coruña hai un total de 94 municipios. En 87 deles –o 92,5%- realizáronse as entrevistas ó responsable ou responsables políticos das áreas de Cultura, Deporte e Xuventude, sumando un total de 115 entrevistas. Nos 7 concellos restantes –Cabana de Bergantiños, Camariñas, Paderne, As Somozas, Teo, Toques e Val do Dubra- os alcaldes ou concelleiros, por distintos motivos, non foron entrevistados.

Os rasgos analizados neste apartado foron os seguintes:

- Cargo político do responsable das áreas de cultura, deporte e xuventude;
- Grupo político ó que pertence;
- Anos que leva no cargo;
- Tipo de dedicación ó cargo;
- Idade;
- Xénero;
- Nivel de estudos.

Da súa lectura poden derivarse os seguintes resultados (Ver Táboa 1):

- No 79,1%, o cargo político do responsable das áreas estudiadas ten o rango de "Concelleiro", fronte ó de "Alcalde" no 19,1% ou de "Tenente de Alcalde" no 1,7%. A figura do alcalde tende a asumir a responsabilidade directa das áreas obxecto de estudio, ben pola inexistencia formal dunha

Porcentaxes	N	%
Concellos	87	100
Entrevistas realizadas	115	100
Cargo político		
Concelleiro	91	79.1
Alcalde	22	19.1
Tte. alcalde	2	1.7
Grupo político		
PP	60	52.2
PSG-PSOE	31	27.0
BNG	15	13.0
Independ.	8	7.0
Lexislaturas no cargo		
1	69	60.0
2	22	19.1
3 a 4	16	13.9
> 4	8	7.0
Tipo de dedicación		
Exclusiva	31	27.0
Media Xor.	11	9.6
Por horas	19	16.5
Sen dedic.	54	47.0
Media de idade	43.12	
Idade (Intervalos)		
20-34	27	23.5
35-49	56	48.7
50-64	26	22.6
> 65	6	5.2
Xénero		
Home	87	75.7
Muller	28	24.3
Nivel de estudos		
Primarios	24	20.9
Bach. / FPII	33	28.7
Diplomado	24	20.9
Licenciado	32	27.8

Táboa 1: Porcentaxes das variables analizadas nos concellos da mostra.

concellería, ben pola súa maior dedicación ó cargo naqueles municipios de menor tamaño e cun menor orzamento.

- O partido político ó que pertencen a maioría dos entrevistados é o PP, co 52,2%, seguido do PSG-PSOE, co 27%, o BNG co 13% e os grupos de Independentes co 7%.
- Con respecto ó número de anos que levan exercendo o cargo, un 60% dos responsables políticos só levan esta lexislatura -2 anos ou menos-; un 19,1% suman o que vai desta e a anterior lexislatura; un 13,9% están xa na 3ª

ou na 4ª lexislatura, e o 7% -unha cifra considerable -leva xa máis de 4 lexislaturas no cargo.

- A dedicación ó cargo é exclusiva no 27% dos casos, de media xornada no 9,6%, por horas no 16,5% e sen dedicación no 47%. É claramente dominante a categoría “sen dedicación”, e probablemente sexa maior que a rexistrada nas entrevistas, pois moitos dos que declaran ter unha dedicación de media xornada ou por horas non reciben remuneración salarial.
- A media aritmética da idade dos entrevistados é de 43'12 anos. O 23,5% sitúase no intervalo de 20 a 34 anos, o 48,7% no intervalo de 35 a 49 anos, o 22,6% no intervalo de 50 e 64 anos, e o 5,2% agrupa ós máis vellos de 65 anos.
- En canto ó xénero predominan os homes, co 75,7%, fronte ó 24,3% de mulleres.
- Considerando o nivel de estudos, o 20,9% afirma ter cursado estudos primarios, o 28,7% Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, o 20,9% posúe título de estudos superiores co nivel de Diplomado e o 27,8% co nivel de Licenciado.

## 1.1. Análise en función da poboación

Co obxecto de profundizar na análise dos datos recollidos considerouse o criterio diferenciador do “número de habitantes” para agrupar ós concellos que presentan características demográficas similares. Dese xeito diferéncianse as seguintes categorías:

- a) Concellos con menos de 5.000 habitantes;

- b) Concellos entre 5.001 e 10.000 habitantes;
- c) Concellos entre 10.001 e 20.000 habitantes;
- d) Concellos entre 20.001 e 50.000 habitantes;
- e) Concellos de máis de 50.001 habitantes.

Tal como se mostra na táboa 2, a poboación media dos concellos da mostra é de 12.147 habitantes. Os concellos con menos de 5.000 habitantes constitúen o 36,5%; os concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes o 38,8%; entre 10.000 e 20.000 habitantes o 16,5%; entre 20.000 e 50.000 habitantes o 4,7% e os de máis de 50.000 habitantes o 3,5%.<sup>1</sup>

O panorama xeral que se deriva da análise destas categorías aparece recollido na táboa 3. De xeito resumido poden destacarse os seguintes rasgos:

- O cargo político predominante entre os responsables destas áreas é o de “Alcalde”

Poboación	N	%
Concellos	87	100
Poboación (Media)	12.147	
Poboación (Intervalos)		
< 5000 hab	31	35.6
5-10 mil	33	37.9
10-20 mil	14	16.1
20-50 mil	5	5.7
> 50 mil	3	3.4

Táboa 2: Distribución dos concellos atendendo ó número de habitantes

nos municipios de menos de 5.000 habitantes, para ser remprazado polo de “Concelleiro” nos demais municipios.

- Nos concellos de menos de 5.000 habitantes o 75,8% dos entrevistados pertencen ó Partido Popular, presencia que vai decrecendo ata desaparecer totalmente nos concellos de máis de 50.000 habitantes. O PSG-PSOE mostra unha tendencia inversa, co 15,2% de entrevistados nos municipios de menos de 5.000 habitantes ata o 66,7% nos que contan con máis de 50.000. O BNG segue a mesma tendencia que o PSG-PSOE pero con porcentaxes más baixas.
- En canto ó número de anos que levan exercendo o cargo, o grupo dominante é o dos concelleiros ou alcaldes que só levan esta lexislatura no cargo -ata 2 anos-; sendo o menos representado o daqueles que xa permanecen máis de catro lexislaturas. En termos xerais, os concelleiros que se incorporaron nesta lexislatura son máis numerosos nos municipios de maior número de habitantes, mentres que os que levan máis anos no seu cargo concéntranse nos municipios de menos de 5.000 habitantes.
- En canto ó seu estatus laboral, a situación predominante en tódalas categorías, excepto para os municipios de máis de 50.000 habitantes, é a de “sen dedicación”. Unha ampla mayoría de concelleiros ou alcaldes responsables destas áreas non reciben remuneración salarial polo seu cargo, o cal dá unha idea da pouca importancia que se lle concede a estas ocupacións, ós que se lles dedica moitas veces un tempo escaso e que pode repercutir negativamente no exercicio das súas funcións.

<sup>1</sup> Datos de poboación a 1-01-2000. (<http://www.xunta.es/auto/ige/Datos/Padron/Padron2000/acoruna.htm>)

- A media aritmética da idade decrece paulatinamente dende os 46,6 anos entre os responsables dos municipios de menos de 5.000 habitantes ata os 35,1 anos nos municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes, para repuntar de novo nos municipios de máis de 50.000 habitantes ata os 46 anos. O intervalo de idade dominante sitúase entre os 35 e os 49 anos. Sen embargo, hai que destacar a presencia do intervalo de 20 a 34 anos, mínimo nos concellos de menos de 5.000 habitantes e máximo nos que teñen entre 20.000 e 50.000 habitantes, onde inclusive se converten no grupo maioritario. Pola contra, os maiores de 65 manteñen unha presencia do 12,1% nos municipios de menos de 5.000 habitantes e desaparecen nos municipios de máis de 10.000 habitantes.

- En canto ó xénero domina claramente a presencia masculina, que chega a acadar o 100% nos municipios de máis de 50.000 habitantes. Se exceptuamos ese dato, a tendencia segue unha liña decrecente dende o 84,8% nos concellos de menos de 5.000 habitantes ata o 54,5% nos concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes. Pola súa parte, as mulleres manteñen unha tendencia crecente dende o 15,2% nos concellos de menos de 5.000 habitantes ata a cota máxima do 45,5% nos concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes, que se ve truncada finalmente nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde non obteñen representación.

Táboa 3: Datos comparados dos concellos da mostra, en función do seu número de habitantes.

Habitantes	< 5.000		5.000-10.000		10.000-20.000		20.000-50.000		> 50.000	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
Concellos	31	35.6	33	37.9	14	16.1	5	5.7	3	3.4
Entrevistas realiz.	33	28.7	42	36.5	23	20.0	11	9.6	6	5.2
Cargo político										
Concelleiro	14	42.4	37	88.1	23	100	11	100	6	100
Alcalde	17	51.5	5	11.9	0	0	0	0	0	0
Tte. alcalde	2	6.1	0	0.0	0	0	0	0	0	0
Grupo político										
PP	25	75.8	24	57.1	6	26.1	5	45.4	0	0
PSG-PSOE	5	15.2	9	21.4	10	43.5	3	27.3	4	66.7
BNG	2	6.1	6	14.3	3	13.0	2	18.2	2	33.3
Independ.	1	0.9	3	7.1	4	17.4	1	9.1	0	0
Lexislaturas no cargo										
1	14	42.4	27	64.3	16	69.6	7	63.6	5	83.3
2	7	21.2	10	23.8	3	13.0	2	18.2	0	0
3 a 4	6	18.2	4	9.5	3	13.0	2	18.2	0	0
> 4	5	15.2	1	2.4	1	4.3	0	0	1	16.7
Tipo de dedicación										
Exclusiva	9	27.3	9	21.4	7	30.4	1	9.1	4	66.7
Media Xor.	1	0.9	7	16.7	2	8.7	0	0	1	16.7
Por horas	5	15.2	8	19	4	17.4	3	27.3	0	0
Sen dedic.	18	54.5	18	42.9	10	43.5	7	63.6	1	16.7
Media de idade	46.6		42.3		42.7		35.1		46	
Idade (Intervalos)										
20-34	5	15.2	9	21.4	6	26.1	6	54.5	1	16.7
35-49	17	51.5	21	50	11	47.8	5	45.5	2	33.3
50-64	7	21.2	10	23.8	6	26.1	0	0	3	50
> 65	4	12.1	2	4.7	0	0	0	0	0	0
Xénero										
Home	28	84.8	32	76.2	15	65.2	6	54.5	6	100
Muller	5	15.2	10	23.8	8	34.8	5	45.5	0	0
Nivel de estudos										
Primarios	12	36.4	8	19	3	13.0	0	0	1	16.7
Bach. / FPII	9	27.3	10	23.8	9	39.1	5	45.5	0	0
Diplomado	5	15.2	9	21.4	6	26.1	3	27.3	1	16.7
Licenciado	7	21.2	13	31	5	21.7	3	27.3	4	66.7


- En canto ó nivel de estudios declarado polos responsables das áreas estudiadas, obsérvase unha regresión progresiva do grupo de estudios primarios dende os concellos de menos de 5.000 habitantes, onde é un grupo maioritario, co 35,1%, ata os concellos de maior número de habitantes. Cunha tendencia inversa, a categoría de quen posúe unha licenciatura universitaria acada unha cota mínima -o 21,2%- nos municipios de menos de 5.000 habitantes, e a máxima -o 66,7%- nos municipios de máis de 50.000 habitantes.

Pódese elaborar un perfil para cada unha das categorías municipais consideradas, que en liñas xerais situaríanse nun continuo entre dous extremos polares: os concellos de menos de 5.000 habitantes e os que teñen entre 20.000 e 50.000 habitantes. Os concellos de máis de 50.000 habitantes rompen esa tendencia básica nalgúnha das súas características e son considerados nun grupo aparte. Cabe salientar que o escaso número de concelleiros desta categoría motiva que as porcentaxes tamén quedan suxeitas a un maior grao de variabilidade.

Nos municipios con menos de 5.000 habitantes, que constitúen o 35,6% da mostra, poden destacarse as seguintes características típicas:

- O responsable político das áreas de cultura, deporte e xuventude é con maior frecuencia o alcalde, ante a ausencia de concellerías ou ante a súa existencia más formal que operativa;
- Pertence ó Partido Popular;
- É moi relevante a permanencia no cargo durante varias lexislaturas;
- Prevalece a falta de dedicación remunerada;
- A media de idade é a máis elevada, con 46,6 anos;
- Destaca a maior presencia dos máis vellos de 65 anos e a presencia reducida dos máis novos de 35 en relación ós outros grupos;
- É predominante o xénero masculino co 84,8% dos cargos;
- Prevalece o nivel de estudios primarios.

No outro extremo, para os concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes, que represen-



tan o 5,7% da mostra, daríanse as seguintes características típicas:

- O responsable político destas áreas é sempre un concelleiro;
- O grupo político dominante é o P.P., seguido a menor distancia polo PSG-PSOE e o BNG;
- Os concelleiros levan exercendo só esta lexislatura no cargo;
- Predomina a falta de dedicación remunerada;
- A media de idade é a máis baixa, con 35,1 anos;
- O intervalo de idade más representado é o de 20 a 34 anos, desaparecendo o dos máis vellos de 65 anos;
- O xénero predominante é o masculino, pero cun peso relativamente menor, do 54,5%;
- O nivel de estudos más representado é o de Bacharelato e Formación Profesional de segundo grao.



Considerados, áinda que só en parte, como unha excepción á tendencia apuntada anteriormente, os municipios con máis de 50.000 habitantes, que representan o 3,4% dos concellos da mostra, manteñen as seguintes características:

- O responsable político destas áreas é sempre un concelleiro;
- O grupo político dominante é o PSG-PSOE, seguido do BNG;
- Os concelleiros levan exercendo só esta lexislatura no cargo;
- Predomina a dedicación exclusiva;
- A media de idade é relativamente elevada, con 46 anos, sendo o intervalo de idade más representado é o de 35 a 49 anos;
- O xénero predominante é o masculino, con case o 100% dos casos;
- O nivel de estudos más representado é o de licenciatura universitaria.

## 2. AS DEMANDAS DOS CONCELLOS Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Para coñecer as demandas dos concellos formulóuselle a seguinte pregunta ós responsables políticos das áreas:

**¿Que demandaría da Deputación Provincial da Coruña para mellora-la intervención cultural-xovenil-deportiva no seu municipio?**

Existe un grupo numeroso de entrevistados -o 23,5%- que ante esta pregunta responden, en primeiro lugar, que están contentos, satisfeitos e que non teñen especiais demandas. As respuestas son do xeito: "A Deputación está bastante volcada"; "Está traballando moito nese sentido, estamos contentos"; "Xa non damos feito máis", etc. Examinánndoos máis en detalle vemos que a maioría destas manifestacións concéntranse nos concellos pequenos que non sobrepasan os 5.000 habitantes.

A demanda más frecuente -o 35,6% dos entrevistados- é a dotación de maior orzamento, anque formulado moitas veces dun xeito vago e impreciso: piden "máis axudas", "máis apoio", "máis cartos", "subvencións", etc. Tamén é relevante neste caso o matiz que adquieren as demandas dos concellos de menor entidade, con respuestas do xeito: "Os concellos pobres dependen deste tipo de institucións"; "A Deputación debería aportar máis ós concellos con menos recursos"; "Os concellos pequenos temos poucas vías de ingresos, a nosa actividade depende de todo da Deputación"; "Os pequenos temos que vivir de limosnas, entre a Xunta e a Deputación se non nos botan a man estamos apañados", etc.

En función das argumentacións recollidas, as demandas en materia económica obedecen a dúas xustificacións principais:

- A escasa dotación orzamentaria dos concellos, cunha baixa recadación municipal, consecuencia da súa reducida taxa de poboación e actividade económica.
- As particularidades territoriais, con maior incidencia nos concellos rurais, que constatan como aumentan os custos dos servicios e actividades debido á maior dispersión poboacional.

En liña co anterior, destaca a demanda de **recursos para o mantemento dos servicios e actividades xa en funcionamento** -o 17,4%, tal como bibliotecas, actividades deportivas, actos culturais; e do persoal técnico-monitores deportivos, animadores, etc.- A presencia dos técnicos posibilita, segundo o expresado pola maioría dos concelleiros, o desenvolvemento continuado e estable de actividades e programacións municipais que doutro xeito difícilmente se poderían levar a cabo.

Solicítase unha maior demanda de **programas concretos por áreas** -o 10,4%-, tal como plans específicos de deporte, xuventude, patrimonio, turismo, etc. en liña coa política que xa está levando a cabo a Deputación.

Outra demanda na que coincide o 10,4% dos entrevistados é a **planificación más axil e más a longo prazo das axudas económicas**. Os concellos lamentan de que as subvencións soen chegar moi tarde, de xeito que imposibilitan a realización de determinadas actividades e dificultan a programación municipal. Pídese que se adianten as

subvencións a comezos de ano, ou aínda máis, que o sistema de finanzamento adopte o modelo de transferencias que segue a Xunta. Recollemos unha cita: "Agora por exemplo vai empezar o 2002 e as axudas aínda non saíron nin sairán... en maio ou xuño, é dicir, cando está acabando o ano chéganche as axudas, ¿que fas?, e nós por exemplo non podemos permitirnos o luxo de gastarnos os cartos que non temos eh...".

Solicítanse máis **infraestructuras** -o 10,4%- . Sen ser unha demanda maioritaria si que ten un peso relevante. Críticase dende algúun concello que a ubicación de infraestructuras culturais ou deportivas obedece moitas veces a criterios políticos e non técnicos, co cal sucede que as infraestructuras quedan infráutilizadas nalgúnsas zonas e bótanse en falta noutras. Suxírese a posibilidade de planificar e construir infraestructuras de custo elevado a nivel supra-municipal para que poidan ser compartidas por dous ou máis concellos, tal como piscinas climatizadas ou complexos deportivos.

Algúns entrevistados aluden á necesidade dunha **comunicación más fluída entre os concellos e a Deputación** -o 6,1%- . Demándase unha relación máis directa, con reunións cos técnicos, coordinación coas asociacións, de xeito que estas poidan acceder á información sobre as subvencións, etc. Algúns comentarios concretos son: "Deberá crearse unha rede para coordinar as actividades das asociacións nos municipios"; "A relación que hai coa Deputación é simplemente á hora das subvencións cos técnicos encargados de dicir che se van dar máis cartos ou se che van dar menos cartos; igual que economicamente está moi ben a relación, o que é a relación de planificación, a relación persoal é meramente administrativa".

Tamén se critica o **apoio partidista** (o 5,2%). Isto sucede en municipios onde gobernan partidos políticos distintos do que lidera a Deputación. Existe a creencia de que os municipios que contan con deputados provinciais obteñen maiores beneficios. A seguinte cita ilustra esta opinión: "Neste momento o que está alí pide para o seu concello... moitos concellos que non temos deputado somos os últimos que quedamos".

Outra demanda é a necesidade de potenciar a **coordinación entre concellos veciños** -o 2,6%- , optimizando a utilización dos recursos existentes ou facendo programacións conxuntas. Vese na seguinte cita: "Pois en vez de vir mirar e saír na prensa pois X, ou I ou Z tivo 50 actividades, vamos a xuntarnos e vamos facer pois 3 actividades boas en Z, porque son máis ca nós, pero unha actividade boa aquí, pero xuntándose eles con nós e nós con eles"

Algúns entrevistados -o 2,6%- suxiren que a Deputación contase con persoal técnico propio, tal como informáticos, monitores deportivos, etc., que ofrecesen **servicios itinerantes para ser utilizados polos concellos** na realización de actividades. Esta opción axudaría a reducir custos de persoal.

Demándase un maior esforzo para a **formación de técnicos e voluntariado** -o 1,7%- , pero sen centralizar os cursos na Coruña, pois dificultaríase a asistencia dos interesados.

Finalmente, reclámase **máis autonomía para os concellos** -o 1,7%- . Recollemos, nesta liña, dúas citas: "Menos dirixismo den de a Deputación"; "Plans menos pechados para que sexan os concellos os que prioricen, as veces fanse cousas por non perder os cartos e non porque sexa unha prioridade".

DEMANDAS	N	% <sup>2</sup>
Están satisfeitos e non teñen demandas específicas	27	23,5
Maior orzamento	41	35,6
Recursos para o mantemento de servicios e actividades	20	17,4
Programas concretos por áreas	12	10,4
Planificación económica más ágil e a longo prazo	12	10,4
Máis infraestructuras	12	10,4
Comunicación más fluída entre os concellos e a Deputación	7	6,1
Evitar o apoio partidista	6	5,2
Potenciar a coordinación entre os concellos veciños	3	2,6
Incorporación de persoal técnico propio por parte da Deputación	3	2,6
Maior esforzo para a formación de técnicos e voluntariado	2	1,7
Máis autonomía para os concellos	2	1,7

Táboa 4: As demandas dos concellos á Deputación Provincial

As porcentaxes están referidas ós 115 responsables políticos entrevistados. O número de respostas é maior debido a que algúns formulan máis dunha demanda.

### 3. FORO DE CONCELLEIROS

Ós responsables políticos das áreas de cultura, deporte e xuventude entrevistados formulouúselles a seguinte pregunta:

*¿Vería positivo a creación dun foro de concelleiros de cultura, deporte e xuventude dende a Deputación da Coruña como plataforma e medio de debate e formación no ámbito que vostede desenvolve no concello?*

Unha substancial maioría -o 59,1%- responderon afirmativamente e con louvanzas para a proposta, véndoa como moi positiva. Este foro actuaría como unha canle de comunicación entre os concellos, e entre istos e a Deputación, permitindo o intercambio de experiencias e a relación persoal entre os responsables políticos. Algunhas das respostas textuais son: “É unha das carencias”: “Interesantísimo, é difícil relacionarse cos demais concellos e concelleiros”; “Fenomenal como intercambio de experiencias”; “O primeiro que se debería fazer, fundamental e básico”; “Sería extraordinario, para formación e debate”, etc.

Existe un grupo considerable -o 35,7%- que responden afirmativamente pero sen mostrar demasiado entusiasmo e manifestando certas dúbidas. Estas céntranse arredor dos seguintes temas:




Gráfico 4: ¿Vería positivo a creación dun foro de concelleiros?

- a) A percepción de falta de formación e de competencia para aportar ideas.
- b) A existencia de diferencias entre as realidades dos concellos, que requieren por tanto un trato diferenciado.
- c) Excepticismo en canto a sacar resultados positivos, co temor a que todo sexa unha iniciativa cara a galería e quede só en papeis.
- d) Pouca disponibilidade de tempo motivada pola falta de dedicación de moitos concelleiros.

Algunhas das respostas son: “Como medio de debate, agora que cada municipio é un mundo”; “Positivo si, necesario non”; “Mellor que de políticos vería un foro de técnicos”; “A formación nunca sobra pero eu teño pouco tempo”; “Non sería negativo, áinda que moitas veces este tipo de reunións non serven máis que para ir alí e saudarse”, etc.

Finalmente, no outro extremo, tamén existe un grupo cuantitativamente reducido -o 4,3%- pero cun peso poboacional considerable tendo en conta os municipios que representan, que se mostra pouco ou nada favorable a participar neste foro, valorando a iniciativa con moito escepticismo. Dende estas posicións críticas:

- a) A carencia dunha función definida.
- b) A falta de competencia do foro. Sería só un órgano consultivo e para potenciar a formación.
- c) Sería unha perda de tempo que só serviría para que algúns dixeran o que fan.
- d) Carencia dunha política cultural: hai que debatir sobre obxectivos e non sobre teorías e opinións.
- e) Vese con mellores ollos un foro de técnicos.

### INFORME DA ACCIÓN CULTURAL



### DOS RESPONSABLES TÉCNICOS MUNICIPAIS DE CULTURA

A formación inicial, as accións de reciclaxe profesional, a denominación do seu posto e as verdadeiras responsabilidades inherentes ó labor que desenvolven os responsables técnicos municipais no eido cultural, son aspectos fundamentais para comprender o quefacer municipal neste ámbito. A existencia dun personal cualificado e formado o máis específicamente posible para estas tarefas, motivado e valorado, con inquedanzas permanentes para actualizar saberes e adquirir novas experiencias, posibilitará, sen dúbidas, mellores resultados na plasmación municipal da política cultural. É por elo que semella significativo analizar de preto a procedencia académico-formativa e a situación laboral dos profesionais da cultura que desenvolven o seu labor nos concellos participantes no Estudio. Baseámonos para elo, nas respostas obtidas da “Enquisa ós Técnicos de Cultura”.

Unha primeira lectura aporta datos reveladores. A pesar de que se advirte claramente na portada do correspondente cuestionario quen é o destinatario do mesmo, un 17,5% dos que o cumplimentaron resultaron ser políticos electos no concello. Iste dato pode significar que o municipio en cuestión carece de persoal técnico cualificado (alomenos, para cubrir a enquisa) ou, tamén, que é o político quen insiste en dar cumprida resposta a todo o que respecta a informar externamente sobre a súa área, posiblemente con propósitos de supervisión. Se a esa porcentaxe engádese que un 9% declinou identificarse, que un 14,3% non contestou e que nun 9,5% dos casos foi cuberto por un administrativo, pódese inferir que a «realidade profesional» no quefacer cultural dista moito de estar suficientemente normalizada.

Obsérvase certa correspondencia entre ter cursado determinadas titulacións universitarias e a tipoloxía do posto profesional desempe-

**nado.** Así, un 60,7% dos Licenciados exercen como «técnicos culturais» e un 66,7% dos Diplomados están contratados coa denominación de “animadores”. A formación académica inicial maioritariamente sitúase no campo das Ciencias da Educación (un 91,7%), aínda que, matizando, só un 22,2% son Licenciados en Pedagogía ou Diplomados en Educación Social (estudios que, polo seu currículum formativo, cremos más afins á acción-intervención cultural local), constatándose tamén que un 17,4% provén das titulacións de Maxisterio ou Psicoloxía. É de resaltar a diversidade existente na formación académica inicial do resto dos encuestados (desde Licenciados en Matemáticas, Empresariales ou Bioloxía ata titulados en FP II das ramas de Administración ou Electrónica).

É salientable, e mesmo cuestionable, que un 20% dos que responden indiquen que accederon ó cargo por “libre designación”, xa que, tal feito -á marxe de consideracións legais-, deixa entrever unha notable subordinación da competencia técnico-profesional á vontade política e de control ideolóxico, contradecindo a cotío as esixencias técnicas e profesionais inherentes á complexidade da acción cultural municipal. A cualificación, a experiencia e, en definitiva, a solvencia profesional do responsable técnico que traduza na práctica as directrices da política cultural, debería ser un requisito indispensable para acceder a este tipo de tarefas e responsabilidades. Un plantexamento que debe xustificarse moito máis en función da calidade das prestacións e dos servicios ós cidadáns que da afinidade política ou da confianza persoal.

Independentemente da categoría pola que están contratados ou da súa formación académica inicial, actuacións como deseñar,

difundir, coordinar ou executar programas ou iniciativas son **acciones que desenvolven** «sempre» os responsables técnicos da área de cultura. Ademáis, a actividade de índole administrativa ou burocrática (realización de informes, elaboración de memorias xustificativas, cumplimentación de expedientes, etc.) figuran entre as principais tarefas desempeñadas polos técnicos culturais municipais. Neste sentido, moitos lamentan que unha grande parte do súa ocupación laboral, esté centrada neste labor. O abano de obrigas laborais é amplo, xa que logo.

En canto á **reciclaxe profesional** e ó coñecemento de experiencias significativas que servan como referencia no seu ámbito, os datos revelan que un 41,3% dos técnicos nunca tiveron ou optaron por tales posibilidades. Se a esa porcentaxe se lle engade un 14,3% de «non sabe/non contesta», é posible albiscar unha notoria deficiencia con respecto ó seu proceder profesional máis cotiá. Entre os técnicos que acudiron a alguma actividade relativa á actualización dos seus coñecementos, máis dun 25% sufragaron total ou parcialmente o custe da mesma. É probable que isto limite a disponibilidade dos citados profesionais para acudir a tales accións. Inferimos que esta situación pode explicarse fundamentalmente polas seguintes razóns: que os propios concellos non favorecen, na frecuencia necesaria e co apoio económico preciso, a formación en servicio do seu propio persoal técnico; a grande carga de traballo «presencial» (sobre todo nas fins de semana e nos períodos vacacionais) dos responsables técnicos, principalmente nos medianos e pequenos concellos; en terceiro lugar, certa carencia dunha cultura profesional orientada á asistencia a foros de natureza formativa, na crenza de que a propia experiencia laboral é suficiente ou mesmo supera o que

outros axentes poidan aportar nos planos teórico, metodolóxico, institucional, etc. Ó anterior, cabe engadir, as limitacións que impón a inexistencia, na provincia de A Coruña dunha instancia que, de xeito estable e planificado, realice unha oferta de actividades formativas e de reciclaxe para o conxunto dos axentes socioculturais e, máis especificamente, dos profesionais.

Respecto dos contidos más demandados do ente provincial para o deseño de accións formativas e de reciclaxe, se destacan, por esta orde: aspectos relacionados coa «xestión cultural», «procedimentos metodolóxicos e técnicos» e, nun terceiro lugar, a cualificación na «xestión de recursos humanos, materiais e económicos». Demandas, todas elas, directamente relacionadas coas destrezas básicas requeridas para desenvolverse na acción cultural municipal. Isto pode denotar importantes carencias formativas entre os profesionais responsables, tanto por ter cursado uns estudios iniciais inaxeitados para o perfil laboral requerido,

como pola propia inercia da acción cultural municipal que aumenta progresivamente en complexidade e servicios, obligando á actualización permanente dos seus responsables técnicos.

Por outra banda, compre facer mención a indicadores que falan da **satisfacción profesional** dos técnicos e das melloras requeridas ó respecto. En canto á primeira das cuestións, a análise dos datos non revelan diferencias nos niveis de satisfacción asociadas á categoría do cargo que ocupan. En liñas xerais, o 42,3% declara estar «bastante» satisfeito e o 11,5% afirma sentirse «moi satisfeito». Pola contra, só o 34,6% optan polas alternativas «pouco» ou «regular» para valorar este aspecto. É de sublinhar que existe unha porcentaxe significativa, o 11,5%, que evita manifestarse sobre esta cuestión.

Preguntados polas iniciativas que poderían redundar na mellora do grao de satisfacción profesional, as respuestas acadadas resúmense na Táboa 5.

Iniciativas	1ª opción	2ª opción	3ª opción	NS/NC
Maior estabilidade laboral	28,6	12,6	4,8	55
Máis recursos humanos e materiais	42,9	20,6	9,5	27
Máis comunicación co político	3,2	1,6	6,8	88,4
Maior renumeración económica	4,8	19	15,9	60,3
Maior autonomía na toma de decisiones	-	4,8	10,5	84,7

Táboa 5:  
Iniciativas que  
poderían mellorar  
o grao de  
satisfacción  
profesional.

## DA ACCIÓN CULTURAL MUNICIPAL

Neste estudio partimos de que a política cultural debe integrarse no conxunto da Administración Pública, sobre todo se pretende lograr que teña un papel más relevante e socialmente significativo do que agora se lle outorga. É preciso entender que case todas as decisións teñen unha proxección e un impacto cultural, do que se deriva, entre outras cousas, a imprescindible coordinación vertical entre as Administracións que conflúen nun territorio concreto, algo vital para correxir erros endémicos na política cultural.

A **denominación e o modelo de xestión** adoptado para a área de cultura nos concellos poden resultar dous indicadores significativos. A tipoloxía da xestión -directa, indirecta ou mixta- pola que optan os responsables políticos pode significar a aplicación dunha filosofía de acción ou outra. Neste sentido, o 61,1% ten a denominación xenérica de Concellería de Cultura, xestionándose de xeito directo os programas e as actividades culturais municipais. A considerable distancia, se sitúan os "Departamentos de Cultura" (16,7%) e as "Concellerías de Educación e Cultura" (13,9%). Estas denominacións son un tanto reducionistas dos ámbitos socioeducativos a atender polo concello, xa que non permiten a desconcentración horizontal de funcións por ámbitos e sectores poboacionais. A meirande parte dos municipios da provincia non recorre a outras modalidades de xestión contempladas na lexislación vixente (Padroados, Fundacións, Institutos...). Inquiridos sobre a disponibilidade dun organigrama que determine as responsabilidades de cada quen na área, un 57,4% asegura que

non existe, fronte a un 42,6% que afirma telo.

Inicialmente, resulta positivo que o 55,9% dos concellos que cumprimentaron a enquisa posúan partida propia para a Concellería de Cultura, mentres que o 30,5% afirman que a comparten con outras áreas municipais. O 13,6% sinalou non ter unha partida específica e mesmo o 6,3% dos técnicos descoñecían este dato. Preguntados polos servicios que se enmarcan na Área de Cultura, os resultados son os que de seguido se sinalan: as «Bibliotecas» (87,7%), «Xuventude» (70,2%) e «Deportes» (43,9%) son os más citados, en detrimento do «Emprego» (16,1%), a «Formación» (26,8%) e a «Muller» (26,8%). Sorprende, sendo a "educación" un ámbito moi afín ó da cultura e as Ciencias da Educación a formación inicial de moitos dos técnicos culturais, que non sexa este un dos servicios máis directamente vincellados á área de cultura municipal.

Os datos da táboa 6 amosan unha **política de equipamentos** culturais deficitaria. Sen entrar a valorar a calidade dos mesmos (tema, pola súa envergadura, doutra investigación) e centrándonos tan só na súa existencia e nos servicios que acollen, a primeira lectura resulta desesperanzadora. Desde unha perspectiva temporal e política, o transcurrir das calendas e das lexislaturas, despois de case tres décadas de gobernos democráticos, non foi excesivamente benévoloo coa acción cultural municipal. Se as grandes cidades e vilas galegas semella que saldaron esa débeda coa ciudanía, os pequenos e medianos concellos arrastran un déficit notable neste sentido.

Equipamentos ou servicios tales como "Universidades Populares", "Centros de Interpretación Urbana", "Granxas-escola", "Escolas

Municipais de Danza, Idiomas ou Teatro" ou "Casas da Xuventude" son, a tenor dos datos da enquisa, patrimonio de escasísimos concellos. Nen sequera na modalidade de titularidade compartida con asociacións ou con outras Administracións. Resulta mesmo baladí, xa que logo, falar da existencia común de obradoiros de creatividade artística, hotel de asociacións, ludotecas, aulas do mar ou conxuntos etnográficos.

No que se refire á **disponibilidade de recursos** no Servicio Municipal de Cultura para desenvolver os seus labores cotiás, os datos amosan, en xeral, a existencia duns equipamentos informáticos míminos, pero con carencias importantes. Por exemplo, o 20,6% carece de conexión a internet, o 31,7% de enderezo de correo electrónico e o 66,7% de páxina web municipal. Outras ferramentas como ordenador portátil, escáner, reproductor de DVD, cámara web, cámara de video ou de fotografía son ainda recursos escasos neste tipo de Departamentos.

Preguntados polo **carácter e a tipoloxía das accións culturais** que desenvolven, as respostas amosan unha realidade moi diversa. A heteroxeneidade nos enfoques e quefaceres culturais municipais é fiel reflexo das problemáticas afins ó binomio cultura-municipio: o valor político-social da cultura, os recursos disponibles escasos, a existencia dun marco competencial exiguo e ambiguo, a disparidade formativa dos responsables técnicos, o predominio de certa «espectacularización» na concepción dos programas, etc.

A orixe do **finanzamento** que da soporte á acción cultural da maioría dos concellos preséntase resumidamente na táboa 7. Obsérvase que as principais fontes orzamentarias da área de cultura son os fon-

Infraestructuras e equipamentos	si (%)	non (%)
Casa da Cultura	55,6	44,4
Centro Cívico	6,3	93,7
Casa do Pobo	1,6	98,4
Local asociativo	20,6	79,4
Locais socioculturais parroquiais	58,7	41,3
Gardería/Escola Infantil	23,8	76,2
Aula/Centro escolar desafectado	44,4	55,6
Aulas da Cultura para Adultos	17,5	82,5
Aula da Terceira Idade	23,8	76,2
Centros de Día	3,2	96,8
Universidade Popular	-	100
Obradoiro de Fotografía	6,3	93,7
Obradoiro de Artes Plásticas	14,3	85,7
Escola-Obradoiro	19	81
Casa de Oficios	-	100
Casa da Xuventude	6,3	93,7
Of. Información Xuvenil	55,6	44,4
Punto de Información Xuvenil	15,9	84,1
Pavillón Deportivo	84,1	15,9
Pistas Polideportivas	74,6	25,4
Albergue	9,5	90,5
Biblioteca	41,3	58,7
Axencia de Lectura	31,7	58,7
Auditorio	31,7	68,3
Ludoteca	15,9	84,1
Granxa-Escola	1,6	98,4
Centro de Interpretación Urbana	-	100
Aula da Natureza	7,9	92,1
Centro de Visitantes	1,6	98,4
Aula do Mar	1,6	98,4
Local alugado para uso cultural	3,2	96,8
Escola de Música	25,4	74,6
Conservatorio de Música	14,3	85,7
Escola de Danza	3,2	96,8
Escola de Teatro	9,5	90,5
Escola de Idiomas	-	100
Centro de Formación Ocupacional	23,8	76,2
Museo Municipal	11,1	88,9
Conxunto Etnográfico	6,3	93,7
Ximnasio	31,7	60,3
Piscina	58,7	41,3
Campamento	6,3	93,7

Táboa 6: Infraestructuras e equipamentos municipais.

dos do propio Concello, as aportacións da Deputación Provincial e as da Xunta de Galicia, a través dos seus respectivos programas e liñas de subvención. Outras instancias susceptibles de facilitar recursos (a través do patrocinio, do mecenado ou da esponsorización de programas e actividades) ou as cuotas dos propios usuarios, son alternativas de finanzamento ás que escasamente se recorre. Isto último denota, entre outras cousas, que a oferta cultural pública municipal enténdese como gratuita. A renuncia a outras fontes de finanzamento ou de cofinanzamento arrastra consecuencias negativas para o labor cultural da Administración Local: a fluctuación dos orzamentos de ano a ano, a pouca valoración pública do que se oferta de balde, a percepción de que é unha obriga municipal satisfacer as demandas e inquedanzas de todos, etc.

Segundo isto, a pesares de que o orzamento dispoñible é unha das variables que limita o desenvolvemento da política cultural, non se accede como cabería esperar a fontes de finanzamento alternativas ou complementarias: convenios con Fundacións e industrias culturais privadas, esponsorización por em-

presas e, sobre todo, ós fondos europeos ou da FGAMP. Outras fontes consultadas coinciden en que o número de concellos beneficiarios de axudas europeas a través de presentación de iniciativas culturais propias ou con terceiros é aínda moi minoritaria na provincia.

Nun primeiro achegamento ás realidades municipais investigadas en canto ás actividades propriamente de *Difusión Cultural*, as relacionadas coas artes escénicas e musicais acadan maiores índices de actos programados. As frecuencias son dispares e algunas actividades son moi minoritarias con respecto a outras. Xa que logo, a programación de teatro profesional, teatro afeccionado, títeres e conta-contos, resulta habitual nos concellos da provincia. Dentro das artes musicais, son os espectáculos de música, canto e danza tradicional galega as que se ofertan en maior número ó público, moi por encima dos concertos de pop-rock, folk, música clásica e, sobre todo, de danza clásica ou contemporánea. As denominadas artes plásticas ou visuais son actividades tamén programadas, más a longa distancia (en frecuencia) das anteriormente

citadas. Dentro dista categoría, son as mostras fotográficas e de pintura as actividades ás que se recorre con maior frecuencia. Outros obradoiros ou mesmo performances e intervencións “in situ” dos creadores visuais son claramente minoritarias. Por outra banda, unha serie de actividades de carácter “literario-cultural”, tales como recitais poéticos, presentación de libros, organización de certames literarios, xornadas ou cursos de verán, a pesar de esixir mínimos recursos de equipamento ou orzamentais, aparecen escasamente reflectidos na programación cultural dos concellos.

A optimización dos recursos municipais, sempre escasos, e a consideración da cultura como un dos eixos vertebradores da acción municipal poderían ser posibles se os concellos acolleran como norma o traballar de xeito transversal, interdepartamentalmente e en colaboración con outros municipios, alomenos, limítrofes. O 73% dos encuestados manifestan programar e desenvolver coordinadamente con outros Departamentos e de xeito habitual as accións municipais no ámbito cultural. Preguntados con quen en concreto, indican nun 20,6% con «Deportes», no 19% con «Servicios Sociais», no 19% con «Xuventude», o 9,5% con «Turismo» e tan só –inesperadamente– o 7,9% programan coordinadamente con «Ensino». Esta dispersión indica, ó noso entender, que na maior parte dos casos trátase dunha cooperación puntual, limitada a cuestións accesorias (non coincidir no tempo e no espacio, repartir recursos municipais, etc.), e non tanto a existencia de enfoques compactados da xestión. En canto á *coordinación con outros municipios*, pódese afirmar que non é, nin moito

menos, un proceder habitual, sendo as respuestas de: «nunca» (39,3%) ou «ás veces» (60,7%); ningún municipio sinalou a alternativa “sempre”.

As principais iniciativas de *Promoción Cultural* desenvolvidas fan referencia a exposicións, charlas e conferencias, actividades de animación á lectura e obradoiros de artesanía e manualidades. O 63,5% afirma realizar actividades de “cine, video, disco e libro-forums”, mais quizais pola formulación do item é posible que non se fagan tantas (é dicir, proxeccións, audicións ou lecturas con debate posterior), senón que se organicen actividades de carácter máis passivo (visionado de películas, presentación de libros, etc.), a tenor da media de espectadores que verquen os datos recollidos. Entendemos normal que estas sexan as principais actividades de promoción cultural ofertadas posto que non esixen un gran nivel infraestructural e de equipamentos e mesmo están bastante más asentadas nas prácticas de consumo cultural da poboación. Pola contra, as iniciativas referidas á conservación, estudio e difusión do patrimonio local son aínda moi minoritarias nos nosos municipios.

Mención á parte merece o relacionado co *mundo do libro* e da lectura, ferramenta imprescindible para a vida cotiá, para a completa formación e desenvolvemento persoal e comunitario, de aí que a loita contra o analfabetismo sexa unha prioridade básica para calquera Administración (López de Aguieta, 2000:107). Por elo, ademáis da súa vertente lúdica, a promoción da lectura debe ser considerada como un dos obxectivos principais das políticas culturais.

Táboa 7: *Fontes de finanzamento da política cultural municipal*

Fontes finanziadoras	1º lugar	2º lugar	3º lugar	4º lugar
Deputación da Coruña	30,2	44,4	11,2	1,6
Orzamentos municipais	52,4	15,9	19	1,6
Xunta de Galicia	6,3	20,6	44,4	1,6
Cuotas de usuarios	-	4,8	3,2	22,2
Entidades bancarias	-	1,6	3,2	7,9
Empresas locais	-	1,6	-	1,6
Fondos da Unión Europea	-	-	-	1,5
FGMP	-	-	-	4
NS/NC	11,1	11,1	19	60

Táboa 8: Niveis de promoción do libro e da lectura

Promoción do libro e da lectura	si (%)	non (%)	ns/nc (%)
Servicio Público de Lectura Municipal	50,8	19,0	30,2
Biblioteca inscrita na rede da Xunta de Galicia	73,0	9,5	17,5
Axencia de Lectura inscrita na rede autonómica	38,1	27,0	34,9
Coordínanse desde o Departamento de Cultura	57,1	19,0	23,8
Están informatizadas	61,9	23,8	14,3
Teñen persoal cualificado	74,6	20,6	4,8
Teñen orzamento municipal anual	58,7	28,6	12,7
A súa dinamización é responsabilidade do Departamento de Cultura	58,7	23,8	17,5

En canto ás iniciativas de **dinamización dos servicios bibliotecarios e da lectura**, a realidade expresada a través das respuestas reflicte unha situación de precariedade certamente preocupante. Agás no que se refire á organización de actividades de contacontos e charlas con autores, o resto das opcións presentadas a penas se inclúen no normal actuar dos concellos. Semella que a falla de técnicos culturais, a non asunción por parte das Concellerías deste ámbito e a

inxistencia de persoal cualificado ó fronte dos servicios de biblioteca, son as principais causas da feble política a prol do libro e da lectura.

Referíndonos agora ás iniciativas de **Animación Sociocultural e Desenvolvemento Comunitario** que desenvolveron os municipios participantes no estudio, a táboa 9 recolle os datos más básicos.

Táboa 9: Iniciativas de animación sociocultural


Iniciativas	si (%)	non (%)	ns/nc (%)
Promoción do asociacionismo local	46	47,6	6,4
Actividades de reciclaxe e apoio associativo	17,5	76,2	6,3
Censo de entidades de base	46	46	8,0
Axudas económicas a entidades sen ánimo de lucro	79,4	14,3	6,3
Publicitación dos criterios de reparto de axudas	12,7	79,4	7,9
Campañas de voluntariado sociocultural	20,6	73	6,4
Actos celebración "Día das Letras Galegas"	68,3	25,4	6,3
Actos noutras datas de interés	57,1	36,5	6,4
Programación no ciclo festivo anual (Nadal, antroido...)	84,1	9,5	6,4
Programación específica no verán	71,4	22,2	6,4
Iniciativas de animación turística	42,9	50,8	6,3
Cursos de Lingua Galega	42,9	50,8	6,3
Cursos de desenvolvemento rural	12,7	79,4	7,9
Apoio e promoción da artesanía local	14,3	77,8	7,9
Actividades de promoción da muller	38,1	54	7,9
Recuperación de festas populares	46	47,6	6,4
Exaltación de produtos locais	36,5	55,6	7,9

A meirande parte dos concellos abundan nunha acción cultural que prima a "espectacularización", fronte a un maior peso dos programas e actividades que posiblemente atenderían mellor as necesidades de desenvolvemento cultural da ciudadanía. A complementariedade de iniciativas de animación desde unha perspectiva ampla, con procesos de promoción, participación e creación, con outras más afins á difusión é un dos principais desafíos da acción cultural municipal. É por elo, que as porcentaxes na oferta de programas e actividades orientadas á promoción das artesanías locais, da muller, do desenvolvemento do rural ou á exaltación de productos autóctonos nos

concellos da provincia, denotan un déficit aínda importante.

Avanzando na descripción da acción cultural municipal, outro aspecto sobre o que recabamos información ós responsables técnicos ten que ver coa fluidez das **relaciones institucionais** entre o seus concellos e o ente provincial. Sexa polo afán de conseguir fondos ou por consideralos absolutamente convenientes, o certo é que a maior parte dos municipios analizados, afirman beneficiarse dos programas da Área de Cultura e Benestar Social que oferta anualmente a Deputación da Coruña (ver gráfico 5).

Gráfico 5: Participación nos programas ofertados pola Deputación provincial.



As porcentaxes de participación en cada un deles, semellan parellas e en relación coas infraestructuras culturais existentes e o predominio do lecer pasivo nas programacións. As actividades ó aire libre no verán como proxeccións de cine, concertos de bandas de música, grupos de canto, danza e música tradicional, teatro na/de rúa ou actos destinados a ser programados nos centros escolares do municipio como oferta de apoio ó labor docente ou actividade extraescolar, son algunas das actividades derivadas de ta-

les programas. A Deputación Provincial, con esta oferta, trata de apoiar o labor de grupos, asociacións e colectivos artísticos e, simultaneamente, de implicar ós concellos e ás entidades asociativas na difusión cultural. Quizais unha análise máis cualitativa e profunda dos programas, das condicións que se establecen para colectivos e intérpretes, dos requisitos ós concellos beneficiarios, xunto cunha avaliación do uso de tal oferta, darían maior información que redundaría nunha maior calidade dos resultados.

Por exemplo, os prazos demasiado amplos entre a convocatoria dos programas, a resolución e comunicación dos beneficiarios, o soporte informativo utilizado (pouco operativo para a consulta por parte de concellos e asociacións, pois é un único documento en fotocopias encadernadas), así como axustar e estabilizar as convocatorias ó ritmo de programación dos municipios, serían algunas medidas correctoras a plantexar.

En canto á existencia dalgún tipo de *actividade avaliativa da acción cultural* municipal, os datos sinalan que non é así, alo-

menos, de xeito habitual. O 65,1% das respuestas dos técnicos municipais indican que non o fan nunca ou só a veces. O 28,3% dos concellos nos que si se avalia o seu actuar, utilizan como fórmulas más comúns a “observación do técnico” (40,9%) e os “informes dos monitores” (32,7%). Preguntados, ademáis, sobre cales eran os criterios avaliativos más frecuentes, as respuestas foron por esta orde: número de participantes nas actividades, grao de utilización das instalacións e, en terceiro lugar, rendabilidade económica acadada.

## INFORME DA ACCIÓN DEPORTIVA



Para esbozar uns rasgos xenéricos que permitan describir mínimamente a realidade da acción deportiva dos concellos da provincia de A Coruña parece preciso centrar a atención nunha serie de aspectos básicos:

- O perfil profesional de quen traballa na área de deportes.
- Características e funcionamento da área de deportes.
- Perfil das actividades programadas.
- Relacións e colaboración con outras institucións.
- Definición de competencias e coordinación.
- A programación.
- As instalacións.
- Factores a ter en conta para mellora-la calidad dos programas.

## PERFIL PROFESIONAL DAS PERSOAS QUE TRABALLAN NA ÁREA DE DEPORTES

Tomando como referencia a denominación do *cargo que ocupan* as persoas que cumplimentaron o cuestionario sobre esta área, o 33,8% identificáronse como “Técnicos” e un 35,4% como “Animadores”. En menor medida encargáronse desta tarefa “monitores” (6,2%), “administrativos” (6,2%) e “responsables políticos” (7,7%). Tendo en conta que o protocolo do cuestionario especificaba claramente que a enquisa debía de ser cuberta polos técnicos da área, pódese deducir que a figura do técnico en deportes non está nin moito menos xeralizada no organigrama municipal. Esta apreciación vese confirmada ó analiza-los recursos humanos cos que conta a área, dos que se falará máis adiante.

En canto ós **anos de permanencia no cargo**, o 34,5% levan entre 1 e 3 anos, e o 20,7%, entre 4 e 7 anos. En xeral, a súa adicación é a tempo completo (82%), e a modalidade de contratación é estable no 25,8 % dos casos -son funcionarios o 8,6% e laborais fixos o 17,2%- e temporal no 69% -o 27,6% encadranse na modalidade de contrato por obra e servicio e o 41,4% son temporais-. A situación profesional do persoal que se ocupa da área de deportes caracterízase, polo tanto, pola súa precariedade, cunha escasa continuidade, moitas veces vencellada ós ciclos políticos dos concellos e á modalidade de contratación predominantes (traballadores temporais).

Con respecto á súa **formación inicial**, o 35,4% son licenciados, duplicando a porcentaxe de diplomados (15,4%) e de titulados en Formación Profesional (13,8%), e praticamente tamén a porcentaxe dos que teñen cursado só Bacharelato (18,5). O 16,9% das persoas que cumplimentan o cuestionario non aportan este dato.

En relación ó grao de especialización da titulación, segundo pode observarse, o 24,6% son persoas con estudos relacionados coas Ciencias da Educación -un 12,3 do total son mestres especialistas en Educación Física, o 21,5% cursaron Ciencias da Actividade Física e do Deporte, e en terceiro lugar, o 4,6% fixeron estudos de Formación Profesional, na especialidade de TAFAD-. Segundo estos datos e, en términos xerais, só o 38,4% dos responsables técnicos da área de deportes dos municipios da provincia cursaron unha formación inicial específica. Esta porcentaxe é claramente insuficiente, se temos en conta as particulares características desta área e os riscos potencialmente asociados a unha inadecuada intervención na mesma. Hai que destaca-la importante

presencia de suxeitos que tamén omiten este dato ó cumplimentar a enquisa (35,4 %).

Constátase certa relación entre a titulación académica cursada e o cargo desempeñado. Así, o 68,2% dos licenciados exercen como "técnicos" e o 70% dos diplomados actúan como "animadores", sendo más heteroxénea a distribución dos que cursaron estudos medios. Esta correspondencia sería axeitada se a figura do técnico estivera xeralizada, dado que permitiría unha diferenciación de funcións que actualmente non se aprecia. A inexistencia dun técnico obriga ó resto do persoal da área deportiva a asumir funcións para as que, en moitos casos, non teñen unha axeitada preparación e que desvirtúan o cumprimento das obrigas asociadas ós seus cargos, restando calidade á política deportiva municipal.

O desempeño dalgunhas actividades garda relación coa denominación do cargo que se ocupa. Neste sentido pode observarse que:

- a cargo político adica máis tempo á contratación de actividades que os demás;
- b) técnicos, responsables políticos e administrativos adican máis tempo á xustificación de gastos;
- c) responsables políticos e técnicos adican máis tempo á selección de persoal.

Polo que se refire ó resto das actividade, non hai diferencias entre os distintos cargos desempeñados. Os licenciados e os que cursaron ensinanzas medias participan máis que os diplomados tanto na contratación de actividades como na selección de persoal. No caso dos licenciados trátase dun dato coherente, xa que reciben na súa formación inicial unha capacitación vinculada á xestión (de instalacións, de recursos humanos e

materiais, etc...). Os diplomados especialistas en Educación Física ou os que cursan estudos secundarios non reciben unha formación, polo menos inicial, relacionada coa xestión, polo que non deberían asumir este tipo de funcións.

En liñas xerais, son profesionais preocupados pola súa formación continua. De feito, o 64,6% afirmou ter acudido durante o ano 2000 a accións de formación e reciclaxe. Este dato pon de relevo as esixencias da área de deportes no referente á actualización e tamén á motivación dos profesionais que traballan nela, sobre todo tendo en conta que o 41,2% dos que acudiron a estas accións formativas, fixoo pola súa conta, sen apoio económico por parte do concello. Este interese pode estar moi ligado á existencia dun desaxuste entre as funcións que debe asumi-lo persoal contratado na área e a capacidación vinculada á súa formación inicial. Ista situación fai que moitos suxeitos acudan á reciclaxe para tentar adquiri-las cualificacións que lles permitan asumir cun mínimo de garantías as obrigas do seu cargo. Tal tendencia reafírmase ó analiza-las demandas formativas que declaran os enquisados: dirección de instalacións (17,6%) e xestión de recursos (14,4%) son as temáticas que sinalan como prioritarias cara a enfoca-la súa formación en servizo.

A baixa porcentaxe de licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, fai que a xestión deportiva dos concellos sexa asumida por persoal que descoñece gran parte dos saberes técnicos especializados, buscándose nos cursos de formación referencias para orientar a súa intervención. Outro elemento suliñable é a interese dos enquisados nas temáticas de "actividade física e saúde" (9%) e de "natureza e aire libre"(8%). A evolución nas prácticas deporti-

vas esixe ós profesionais dar resposta ás novas demandas e tendencias marcadas desde as administracións e a sociedade. Así, a promoción da saúde e o axeitado aproveitamento do lecer utilizando o deporte como instrumento teñen pasado a se-las principais finalidades, incluso a nivel normativo-legal, nesta área. Esta visión contrapone á intervención tradicional no eido deportivo, que estivo (e está aínda en moitos casos) marcada por unha excesiva preocupación polas disciplinas deportivas e o modelo deportivo-competitivo, no que a aprendizaxe técnica e o rendemento físico eran finalidades básicas. De feito, moitos profesionais da área coñecen en profundidade as disciplinas deportivas tradicionais, pero teñen dificultades para articular intervencións nas que prime a promoción dunha actividade física saudable, participativa (accesible a todos os cidadáns) e lúdica.

A pesar de todo o afirmado, a porcentaxe de profesionais que afirman non ter acudido a ninguna actividade de formación e reciclaxe no ano 2000 (35,4%), segue sendo moi elevada.

A figura con maior presencia na área de deportes dos municipios da provincia é o monitor (cunha media de 2,6 por concello). Atopamos en segundo lugar a figura dos obxectores e dos voluntarios, con case unha persoa de media por concello (0,94). Os animadores son os seguintes en importancia (0,5 por concello) e os técnicos e os administrativos son figuras cunha presencia escasa (0,33 e 0,25 por concello, respectivamente). Esta distribución reflicte unha área na que predominan profesionais con funcións asociadas á intervención directa cos cidadáns, normalmente relacionada con niveis formativos máis baixos. A figura res-

ponsable de artella-los procesos, programar, xestionar recursos, orientar ó resto de persoal da área, avaliar, etc... (o técnico) é minoritaria. O voluntariado ten unha presencia relevante na área, o que pode chegar a ser un problema se non están debidamente aseorados, xa que o seu grao de compromiso, adicación e formación é moi heteroxéneo. O risco principal reside na asignación de tarefas que requieren dun profesional con formación específica a persoal voluntario que non ten por qué tela.

A combinación máis repetida nos concellos é a existencia dun animador e dun monitor (12,3%). Se se ten en conta que unha gran parte dos animadores son diplomados e que non hai licenciados exercendo como monitores, pode constatarse unha vez máis que as funcións técnicas da área deben ser asumidas por persoal que non ten a formación específica para exercelas. Unha consecuencia desta situación é a tendencia ó activismo na intervención deportiva municipal: os animadores e monitores ofertan actividades, sen que exista unha garantía de continuidade, unha finalidade clara ou, mesmo, un motivo xustificado para facelas. O encadenamento de distintas actividades é, en moitos concellos, unha forma de actuación habitual, sen unha liña programática clara.




Gráfico 6: Grupos destinatarios das actividades municipais na área de deporte.

## A ACCIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL

Tódolos concellos participan nalgúnha medida no financiamento deste área. O 94,9% dos concellos que respondieron reciben apoio da Deputación e o 81% tamén da Xunta.

No que fai referencia á participación nos programas da área de deportes da Deputación da Coruña, os concellos vincúlanse fundamentalmente ós programas de "equipamentos", nun 85,2 % dos casos, e de "infraestructuras" nun 77%, e en menor medida, nun 13,1%, ó de "actividades deportivas".

A contratación de empresas de servicios deportivos é unha modalidade utilizada de xeito habitual polo 23% dos concellos, e de xeito esporádico polo 39,3%. Trátase, polo tanto, dunha alternativa de xestión da que fan uso os concellos con frecuencia.

Como pode observarse no Gráfico 6, os concellos ofertan programas para os distintos grupos de idade e colectivos considerados, destacando pola súa frecuencia en primeiro lugar os destinados ó público adolescente (o 93,5% dos concellos faino), seguidos dos dirixidos á poboación escolar

(91,9 %) e ás persoas adultas (90,3%). Algo más da metade dos concellos (o 54,8 %) contan con programas para persoas maiores, sendo este grupo de idade o que ten menos opcións. A oferta deportiva municipal ós distintos grupos de idade denota un certo desacompasamento con respecto á tendencia xeral marcada polos documentos políticos oficiais e polos especialistas da área. A extensión da actividade física a toda a poboación como un derecho e un servicio básico para mellora-la saúde e aumenta-la calidade de vida é un dos obxectivos prioritarios das políticas deportivas actuais. A tradicional e reduccionista asociación entre actividade física e xuventude ou actividade física e aptitudes físicas especiais aínda persiste.

Sen embargo, a terceira idade é un grupo con crecente presencia na nosa sociedade (aínda máis no contexto galego) que, pola disponibilidade de tempo libre e polas súas necesidades específicas, cumpre as condicións axeitadas para disfrutar da práctica da actividade física (cultivo da saúde,

autonomía, relación social, etc.). En moitos concellos descuídase completamente este sector poboacional, ben porque os propios responsables consideran que a actividade física non é axeitada para as persoas maiores (e, polo tanto, non contemplan a este sector na súa oferta), ben porque non se atopan as canles axeitadas para motivar a este colectivo e conseguir que venzan os prexuizos iniciais que lles levan a rexeitar unha actividade que inicialmente eles mesmos –e a poboación en xeral– asocian coa infancia e a xuventude.

A **tipoloxía** das iniciativas e actividades promovidas polos concellos da provincia é bastante homoxenea. Son as escolas deportivas municipais (existen no 91,9% dos concellos enquisados) e as competicións (no 90,3%) un denominador común na programación de case tódolos concellos. As actividades de manterimento físico (que se ofertan no 83,9% dos concellos), a celebración de xornadas especiais (no 79%) e as actividades físicas na natureza (no 72,6%) son tamén habituais no labor municipal desta área.

Actividades	nº	%	% parciais
escolas deportivas específicas	57	13,2	91,9
prog. multideportivos	39	9,0	62,9
actvs mantemento físico	52	12,0	83,9
competicións	56	13,0	90,3
actvs físicas na natureza	45	10,4	72,6
xogos motores	33	7,6	53,2
xogos tradicionais	26	6,0	41,9
actividades rítmicas	41	9,5	66,1
xornadas especiais	49	11,3	79,0
programas específicos	14	3,2	22,6
progr. de asesoramento	8	1,8	12,9
programas de apoio	12	2,8	19,4
<b>Total respuestas</b>	<b>432</b>	<b>100</b>	<b>696,8</b>

Táboa 10: Tipoloxía de actividades

Como pode comprobarse, a concepción técnico-competitiva segue manifestándose na tipoloxía das actividades e iniciativas deportivas dos concellos, se ben se observa o auxe dos enfoques de promoción da saúde (actividades de mantemento físico) e do lecer (actividades na natureza). O enfoque lúdico tamén se pon de manifesto na organización de xornadas especiais, integradas case sempre nos festexos locais como unha forma máis de entreter os cidadáns, áinda que a súa pertinencia e coherencia poida ser posta en dúbida en moitos casos.

Trátase dun problema máis de enfoque que da propia denominación das actividades. As escolas deportivas e as competicións poden ser tamén un lugar de encontro, socialización, diversión e participación, ou un escenario creado para detectar talentos deportivos e reforza-los máis aptos. Como xa se comentou anteriormente, as políticas deportivas actuais tratan de fomentala participación independentemente do nivel de destreza adquirido, se ben a propia dinámica competitiva –que case sempre existe– e as actividades deportivas seleccionadas ou promocionadas soen exerce-lo papel de filtro. De feito, como xa se destacou, canto maior é a idade menor é a participación. Desde as distintas administracións preténdese mitigar o forte fenómeno de abandono deportivo que se produce na adolescencia, coa conseguinte desvinculación, moitas veces definitiva, da práctica deportiva das persoas adultas e da terceira idade. A introducción de niveis de práctica más asequibles, de enfoques lúdicos e participativos e un maior asesoramento para a práctica autónoma son directrices necesarias para evitar esta deserción e promover un deporte ó alcance de todos.

Nunha porcentaxe elevada (85,7% dos concellos), realizanse **programas en colab-**

**oración ou coordinación con outras institucións e asociacións:** coa Xunta de Galicia, coa mesma Deputación, con entidades sen ánimo de lucro e con colexios e institutos.

O 75,9% dos consultados consideran que as competencias nesta área están ben definidas, sendo respetadas por unha ampla mayoría de concellos (o 83,7%)

Nunha porcentaxe elevada afirman tamén que realizan reunións de coordinación entre políticos e técnicos. No 37,9% dos casos trátase dunha práctica más ben ocasional, mentres que no 58,6% dos municipios é unha práctica habitual. A coordinación con outras áreas é tamén unha constante, destacada polo 91,2% dos concellos.

Só o 66,7% dos enquisados afirman que se esixe a presentación dunha **programación** escrita. Este é un dato moi preocupante, xa que alimenta a tendencia cara o activismo, rasgo moi presente no funcionamento desta área. Un traballo sistemático e controlado require unha programación previa que identifique obxectivos e liñas de actuación, temporalice, delimita responsabilidades, prevexe a avaliación, etc. A carencia de programación fai que as actividades sexan a única referencia, de tal forma que se van facendo propostas ó longo do ano. O problema é que estas propostas non están relacionadas entre sí, nin persegue obxectivos claros, nin se poden avaliar axeitadamente. Trátase, en definitiva, dun enfoque que fomenta o consumo de actividades por parte dos cidadáns (ocio-deporte consumista), sen que se valore a súa idoneidade, os seus resultados ou a posibilidade de que se difundan os coñecementos e os hábitos básicos para fomentar unha práctica de actividade física que permita asentar

unha cultura deportiva ó servicio da optimización da saúde individual e colectiva.

A esixencia das programacións en tódolos municipios sería só un primeiro paso, xa que logo habería que valorar a calidad das mesmas, a súa adecuación ás necesidades do concello, a súa receptividade polo público ou públicos destinatarios, etc.

Esta carencia é coherente, sen embargo, cos resultados obtidos no apartado adicado a valora-los recursos humanos disponibles: os concellos que non teñen persoal especializado, coa cualificación axeitada, non poden marcarse esixencias a certos niveis de intervención (programación, avaliación, asesoramento da poboación, etc.).

Atendendo ós **criterios de programación** que aparecen destacados na Gráfico 7, pódese observar como o más habitual é tomar como referencia a programación doutros anos, seguido pola realización de estudos de necesidades (dos grupos que participan habitualmente nas actividades propostas) e polas memorias de actividades.

Tomar como referencia a programación e as memorias de anos anteriores favorece a inercia e a repetición das actividades que se veñen realizando, limitándose a posi-

bilidade de innovar para axustar a política deportiva municipal ós parámetros marcados polas administracións e ás necesidades e demandas dos propios cidadáns. Este escenario explica, en parte, a perpetuación dun enfoque técnico-burocrático na xestión deportiva e a dificultade para introducir novas prácticas na intervención deportiva municipal.

Os datos que aluden á satisfacción dos participantes como criterio de programación apuntan na mesma liña, xa que só se recolle a valoración da xente que xa está acudindo á oferta vixente e, polo tanto, ten un interese previo por ela. A baixa porcentaxe de concellos que encargan estudios de necesidades sobre deporte (o 25,9% dos enquisados), limita a posibilidade de que aqueles que non acuden habitualmente á oferta deportiva do municipio expresen as súas demandas. Ista eixa dificulta a articulación de novas propostas e o fomento da participación cidadá.

En case tódolos concellos (84,5%) afírmase realizar algún tipo de avaliación, sendo os criterios máis utilizados o número de participantes, a súa satisfacción e, en menor gra- do, a consecución dos obxectivos inicialmen- te marcados. Para contrastar ou elaborar indicadores que permitan valorar os criterios anteriores, a maioria aluden á observación




Gráfico 7:  
Criterios de programación

Criterios	nº	%	% parcial
nº participantes	52	21,0	96,3
satisfacción participantes	50	20,2	92,6
rendabilidade económica	28	11,3	51,9
consecución obxetivos	47	19,0	87,0
valoración educadores	36	14,5	66,7
uso das instalacións	35	14,0	64,8
Total respuestas	248	100,0	459,3

Táboa 11: Criterios de avaliación

e, en menor medida, ó uso de cuestionarios.

Na metade dos concellos enquisados non é requisito realizar unha memoria. O igual que sucede coa omisión das programacións, a non esixencia dunha memoria diminúe o nivel de sistematización, rigor e control da política deportiva municipal, favorecendo, pola contra, o activismo e a opacidade.

Tódolos concellos teñen **instalacións deportivas** propias e nalgúns casos contan tamén con instalacións propiedade da Xunta de Galicia e da Deputación.

Este dato pode avalarse con información extraída das respuestas dos técnicos ó cuestionario da área de cultura. Das infraestruturas que xenéricamente identificamos como de índole sociocultural, as tres que os concellos manifestan ter en maior medida son, por esta orde: nun 84,1%, pavillón –ou pavillóns- polideportivos; nun 74,6%, pistas polideportivas; e, en terceiro lugar, piscina, coa mesma porcentaxe, o 58,7%, que os locais sociais parroquiais.

As valoracións más frecuentes apuntan a que as instalacións disponíveis son suficientes, áinda que unha porcentaxe significati-

va, o 36,2%, as califica de escasas. Polo que se refire a súa adecuación ás necesidades dos programas a metade dos que responden as consideran aceptables e un 27,6% estima que son axeitadas.

Os concellos nos que se valora máis alto o nivel de aproveitamento das instalacións disponibles son aqueles nos que a oferta de instalacións valórarse máis negativamente. Isto é normal, xa que, ó non contar con moitos recursos, deben rendabilizar os que teñen ó máximo.

O problema principal que se identifica na área de deportes con respecto ás instalacións é a súa xestión. Pódese dicir que se acadou unha dotación suficiente na maioría dos concellos, pero que unha mala ou inexistente xestión dificulta o aproveitamento axeitado das mesmas. A falta de formación dos encargados deste labor aparece, unha vez máis, como un factor limitante para o desenvolvemento de políticas deportivas municipais efectivas: só os licenciados teñen un perfil formativo que lles permite asumila xestión das instalacións, sen embargo, a inexistencia dunha normativa que asocie a xestión das instalacións con perfiles profesionais especializados, fai que infraestruc-

Factores	nº	%
formación dos técnicos	19	22,1
situación profesional dos técnicos	20	23,2
características dos programas	9	10,5
coordinación coa concellería	5	5,8
programación de actividades	8	9,3
instalacións e equipamentos	25	29,1
Total respuestas	86	100,0

Táboa 12: Factores nos que habería que incidir para mellora-la calidad dos programas

turas que requeriron inversiones económicas considerables estén funcionando en precalor e por debaixo das súas posibilidades.

Ó longo da década dos oitenta a política deportiva centrouse na inversión en infraestructuras. Pretendíase que a poboación tivera acceso á práctica deportiva, sendo necesario para elo aumentar e mellorar ostensiblemente as instalacións cas que se contaba. Na década dos noventa debía producirse un salto cualitativo: a conversión das infraestructuras en servicios dinámicos, adaptables e adaptados ás necesidades e demandas da poboación, o que debería redundar nun importante incremento da práctica deportiva de calidade. Sen embargo, isto non ocorreu así: fronte ós moderados aumentos na práctica deportiva xeralizada, a verdadeira revolución estase a producir no deporte-espectáculo, cada día máis presente nas sociedades occidentais. Pódese dicir que non se está a conseguir xestioná-las instalacións de forma que éstas se convirtan en servicios flexibles e asequibles a toda a poboación. Mentre o deporte espectáculo alcanzou un desenvolvemento desmesurado, a práctica cotiá da actividade física encóntrase estancada desde hai anos.

Os resultados expresados na táboa 12 sitúan en primeiro lugar a cuestión das infraestruturas como o factor máis relevante para mellora-la calidad da oferta deportiva municipal, valoración que contrasta coa alta cobertura das dotacións existentes. A mellora da situación profesional dos técnicos e máis a súa formación son outros aspectos que merecen unha alta consideración de cara a optimiza-la oferta programática actual.

Chama a atención que, a pesar da valoración positiva expresada en xeral das instalacións disponibles, os técnicos sigan considerando que o principal factor para optimiza-la calidad dos seus programas sexa a mellora das instalacións e dos equipamentos. Que esto sexa así pode deberse, entre outras circunstancias, a feitos como os seguintes: escasa conciencia respecto da importancia de conxuga-la disponibilidade de equipamentos coa capacidación dos encargados da súa xestión e a calidade da oferta efectuada; desaxustes entre as necesidades obxectivas e a oferta realizada; o esquecemento de que os factores más importantes na prestación de calquera servicio social son os recursos humanos (os técnicos e profesionais) xunto coa calidade e a oportunidade dos programas.

## INFORME DA ACCIÓN XUVENIL



Os efectos da crise económica e os cambios que está a experimentar o mercado de traballo son, segundo as análises globais, os factores que máis están a influir na construción da condición social que asociamos coa xuventude. Na actualidade, a educación e a formación destinadas a este grupo de poboación teñen unha ampla cobertura. Sen embargo, a información, a orientación e os programas de “acompañamento” do cada vez más dilatado e complexo proceso de inserción na vida adulta, ocupan aínda pouco espacio nas políticas públicas aplicadas niste ámbito. As estratexias a nivel local, nacional e europeo na última década baseáronse fundamentalmente no desenvolvemento de servicios de información e asesoramento, sendo Galicia un exemplo dista tendencia. Nos últimos anos, sen embargo, ista apunta a que as iniciativas dirixidas á xuventude deben integrarse nas áreas de servicios á comunidade.

A continuación preséntanse algúns datos tendentes a ofrecer unha imaxe esquemática do estado das políticas municipais de xuventude -ou das actividades dirixidas a este sector de poboación- na provincia de A Coruña. Para elo analizaranse os seguintes aspectos:

- O persoal técnico encargado de viabilizalas.
- O orzamento.
- As infraestructuras.
- A coordinación con outros servicios.
- O programa de actividades.
- A participación.

## PERFIL PROFESIONAL DAS PERSOAS QUE TRABALLAN EN XUVENTUD

Un dos problemas que se detectan para lograr unha orientación eficaz das políticas de xuventude é a carencia de **persoal especializado**, problema de difícil solución a nivel global, xa que os programas dirixidos á xuventude son moi diversos, polo que os perfís formativos e profesionais non poden ser únicos. A elo súmase, no ámbito territorial e administrativo dista investigación, que moitos técnicos municipais non se ocupan en exclusiva dista área compaxinando a súa xestión con outras (cultura, deporte, educación, etc.). Aínda así, detéctase a necesidade dunha formación complementaria máis especializada do persoal que xestioná programas ou servicios dirixidos á xuventude, sendo para elo preciso coñecer en profundidade as funcións e os perfís do persoal que traballa na área.

No estudio elaborado pola FEMP (Lloc, 1991) recoñécese que ó persoal encargado de xuventude asume ademáis as áreas de cultura e deportes, sobre todo nos Concellos menores de 5.000 habitantes, facendo este labor “por altruismo” e no tempo sobrante que deixan as outras obrigas -consideradas, polo tanto, más relevantes-.

Neste sentido, atendendo ás enquisas respondidas polos técnicos municipais (62 cuestionarios, o que delimita unha mostra que contempla o 66% dos 94 concellos da provincia), e respecto do cargo que ocupan, compróbase que a maioría están contratados coa categoría de “técnicos” (45,2%), existindo tamén un número significativo que adoitan a denominación de “animador” (21%). A categoría “monitor” ten unha pre-

Denominación	%
Técnico	45,2
Animador/a	21,0
Monitor/a	1,6
Administrativo/a	16,1
Cargo Político	4,8
Ns/Nc	11,3

Táboa 13: Denominación dos cargos que ocupan os responsables técnicos que respondieron á enquisa.

sencia pouco relevante (1,6%), nin tampouco as persoas que se identifican como “cargo político” ou “persoal de confianza” (4,8%). Cabe destacar que no 16,1% dos casos os encargados do área se autoidentifican como “persoal administrativo”.

Se se analiza a variable “**anos que levan no cargo**”, atópase que existe certa estabilidade: o 42% das persoas levan más de 4 anos exercendo o seu labor, sendo tamén unha porcentaxe significativa as que levan entre 1 e 3 anos (38,7%). Tendo en conta a data na que se celebraron as últimas eleccións municipais, ista última fracción foi contratada no comienzo do último período de goberno.

Con relación á adicación o cargo, e aínda que a maioría das persoas están contratadas a tempo completo (54,8%), é significativa a presencia de figuras laborais que indican certa precariedade (a media xornada, 19,4%; por horas, 11,3%; por programa ou proxecto, 3,2%), máxime tendo en conta que iste persoal ten que asumir desde a contratación de actividades ou deseño das mesmas ata a súa realización e avaliación.

Sobre a forma en que **accedeu a súa praza**, o 43,5% fixoo a través dunha convocatoria

ou proceso de selección limitado; só o 27,4% o fixo a través dun procedemento estandarizado de concurso ou oposición. O 16,1% ocupan cargos dos denominados de libre designación.

Respecto o **tipo de contratación**, é significativo que o 67,7% dos responsables desta área teñen contratos ou ben temporais (43,5%) ou por obra e servicio (24,2%). Ademáis, é preciso considerar que o 12,9% dos enquisados non contestan a esta cuestión, polo que a porcentaxe podería ser aínda maior. Só o **19,4% dos técnicos afirman ter unha situación laboral estable**: o 6,5% son funcionarios/as e o 12,9% pertencen ó persoal laboral fixo. Son, precisamente, os funcionarios e o persoal laboral fixo os que levan máis anos ocupando o seu posto.

Tendo en conta a **titulación académica** de procedencia é preciso sinalar que a porcentaxe de persoas con licenciatura é do 45,2% e a de diplomados/as é do 16,1%; o que significa que o 61,3% das persoas que traballan na área posúen estudos universitarios. Tamén é importante o colectivo de técnicos que proveñen do ensino secundario, Formación Profesional ou Bacharelato, co 27,5%.

Profundizando na **formación académica** é significativo que o 40,3% das persoas cursaran unha titulación media ou superior de **Ciencias da Educación** (Maxisterio, Educación Social, Pedagogía, Psicoloxía ou Filosofía). Tamén é un dato significativo que a formación inicial dalgúns responsables non teña relación directa coa área de xuventude (17,6%), concretamente aparecen representados titulados en Filoloxía, Ciencias da Información, Económicas, Empresariais, Matemáticas, Electrónica ou Electricidade e Automoción. Cabería sinalar un tercer bloque de técnicos cun perfil formativo afín

(12,9%), sendo a súa formación INEF, TAFAD, Relacións Laborais ou Traballo Social; e finalmente un sector con formación administrativa (8,1%).

Analizando a relación entre o cargo profesional e a titulación académica obsérvase que existe un número significativo de técnicos cunha formación de grao medio (FP ou Bacharelato), concretamente o 21,4% dos 28 técnicos identificados na provincia. Da mesma maneira, hai unha proporción importante de licenciados e diplomados contratados como animadores (40,7%) ou como administrativos (29,6%).

Outro indicador da precariedade laboral e da indefinición profesional entre os xestores da área de xuventude é que, aínda que menos da metade dos contratados figura como técnico (o 45,2%), a totalidade afirma realizar as actividades propias de dita función. Ademáis, persoas con estudos superiores están a desenvolver un traballo profesionalizado baixo categorías laborais inferiores á súa formación, categorías que non se corresponden nin co labor que realizan nin coas responsabilidades que asumen. Se a elo súmase unha situación contractual precaria, con poucas prazas consolidadas a través de concursos ou oposiciones, e coa dominancia de contratos a tempo parcial (por horas ou por programas), a maioría dos técnicos, praticamente o 60%, padecen situacions laborais marcadas pola insecuridade e a inestabilidade.

O perfil formativo das persoas que traballan na área de Xuventude na provincia da Coruña está maioritariamente relacionado coas humanidades. É significativo que non estean contratadas persoas con formación profesional específica (animadores socioculturais, etc.) e si existan xestores cunha formación

inicial non directamente relacionada coa área e os seus requerimentos técnicos (titulados en Filosofía ou Maxisterio, por exemplo). Tendo en conta istos datos pódese observar tamén que a metade das persoas contratadas como administrativos para levar a área de xuventude tampouco teñen os estudos dista rama da Formación Profesional, senón superiores ou afíns.

Do conxunto de datos expostos pódese afirmar que non existe unha relación directa entre a formación inicial, o cargo que se desempeñan e as responsabilidades que asumen os técnicos que levan a área de xuventude. En moitos casos percíbense situacions de precariedade laboral: persoal que desempeña funcións típicas de niveis A e B contratados con niveis inferiores ou persoas que pola súa formación inicial non poderían ser contratadas en niveis superiores ó C, pero que na práctica están contratados/as como técnicos.

Tendo en conta a realidade esbozada, parece necesario incidir máis na formación complementaria e especializada do persoal técnico, potenciando o desenvolvemento de sistemas flexibles de iniciación e actualización, axeitados ás funcións que se realizan. Analizando a realidade da provincia, das 55 persoas que traballan na área o 74,5% acudiron a algúnsa **acción de formación e reciclaxe** durante o ano 2000. Só o 22,5% declara que non, o que permite afirmar a existencia de motivación e interese por parte do colectivo niste sentido. Tamén é destacable o grao de compromiso das corporacións locais, dado que nun 73,2% dos casos asumiron a financiación total ou parcial dos **custos da formación**, o 36,6% integralmente e o 36,6% foron co-financiados, fronte o 26,8% dos casos nos que tiveron que ser assumidos na súa totalidade polos propios interesados.

## A ACCIÓN MUNICIPAL EN XUVENTUDE

Respecto á tipoloxía de **acciones de reciclaxe profesional que se demandan**, e por orde de preferencia, existe unha forte demanda, máis do 50% das expresadas, de cualificación relativa a recursos metodolóxicos e técnicos (30,4 % en primeiro lugar, o 12,7% en segundo e o 17,6% sinalaron este aspecto en terceiro lugar), á promoción cultural (o 8,9%, o 29,1% e o 15,7%, en primeiro, segundo e terceiro lugar, respectivamente) e a xestión de recursos (o 14,3%, o 10,9% e o 33%). Ten unha demanda certamente significativa a formación no ámbito da informática e sobre os programas ofertados pola Unión Europea (entre o 40% e 50%).

Desde tempo atrás (véxanse as Conclusiones dos VI Encuentros de Centros de Información Juvenil, 1987) vense demandando a necesidade de acotar e definir as funcións do persoal que traballa nos servicios destinados á xuventude. As funcións son múltiples e variadas: aplicación de programas e orzamentos, organización e búsqueda de recursos, análise do contorno (sector xoven), búsqueda de información específica, relacións coas entidades promotoras, relacións coas institucións e asociacións de ámbito local, presencia nos medios de comunicación, avaliación de programas e actividades, realización de informes e memorias, atención ó público, etc. (Revista de Estudios de Juventud, 1988: 128).

Existe certa significación, aínda que en escasa medida, en quen asume actividades de avaliación (os técnicos), de tipo administrativo (os administrativos) e na relación cos usuarios (os técnicos e os administrativos).

Cabe destacar, unha vez máis, que tódolos xestores, indistintamente do cargo que desempeñan e da súa formación académica declaran realizar tódalas funcións en maior ou menor medida. Certamente, é significativo que persoal sen formación inicial –nín permanente- especializada asuma tarefas que requiren unha cualificación profesionalizada (programación, selección e deseño de actividades, avaliación, selección de persoal, etc.).

Polo anteriormente sinalado, unha vez máis, é preciso facer fincapé na formación complementaria e en servicio do persoal técnico encargado de dinamizala área de xuventude, xa que na práctica asume tarefas (ou as obvia, cando son necesarias) para as que non posúe unha formación específica.

Cando se analiza a **relación entre a formación inicial e as funcións** que se desenvolven obsérvase que só existe unha diferenzia significativa en canto a que as persoas licenciadas ou diplomadas son as que maioritariamente se ocupan da selección de actividades. Respecto doutras responsabilidades, sinalar que podería existir certa significación na xustificación *de gastos* (recae maioritariamente nas persoas con licenciatura e con ensino medio) e no deseño de actividades (fundamentalmente as persoas con titulación universitaria). No resto, non hai unha relación significativa entre formación e funcións assumidas (programación, contratación, traballo administrativo, avaliación, xustificación de gastos, desenvolvemento de actividades, compra de materiais, coordinación, selección de persoal, difusión de actividades, memorias, relación cos usuarios e desenvolvemento de servicios).

Para concluir co retrato dos profesionais da área de xuventude, obsérvase que existe




Gráfico 8: Grao de satisfacción dos traballadores na área de xuventude

certa correlación entre o cargo que se desempeña, a titulación inicial que se cursou e a función de “seleccionar actividades”: exercen menos ista función os xestores que cursaron ensinanzas medias, identificados maiormente como “técnicos”, que os licenciados/as e os diplomados/as, pero non existe ista diferenciación no resto das funcións que se desenvolven.

A realidade é que, por regra xeral, os xestores que traballan na área de xuventude nos municipios da provincia da Coruña, sexa cal sexa a súa formación inicial ou a denominación/nivel do seu cargo, asumen tódalas funcións específicas que comporta a súa xestión. Isto sucede sen dispoñer da formación específica que require o seu traballo, polo que se recomenda a organización de módulos de formación en técnicas de programación, deseño de actividades, avaliación, etc. Ista recomendación vai en consonancia coas demandas expresadas polo propio colectivo.

Con relación á **satisfacción coa súa situación laboral** a metade dos encuestados declaran un grao “alto” o “moi alto” e un 30,6% a definen como “aceptable”. Só o 4,8% afirma sentirse pouco satisfeito e o 14,5% non contesta. Cando se cruza esta variable con outras como a denominación/nivel do cargo que desempeñan, ós anos de

exercicio, á modalidade de adicación, a vía de acceso á plaza ou ó tipo de contratación non se observan diferencias significativas. Sen embargo, cando son interrogados sobre as melloras que redundarían nunha optimización do seu labor os técnicos demandan unha maior estabilidade laboral (o 46,7%), a dotación de máis recursos humanos (o 66%), a mellora da comunicación cos políticos (o 36,4%), a dispoñibilidade de maiores orzamentos (40%) e máis autonomía (o 62,5%).

A dotación dun **presupuesto** específico para o ámbito de xuventude a nivel local e o cofinanzamento dos servicios específicos con outras entidades públicas de carácter supramunicipal é unha das demandas que ven repetíndose desde hai décadas (ver Revista de Estudios de Juventud, 1989:131). A definición dos “recursos mínimos” que deberían dotar estos servicios, atendendo á mesma fonte, comporta a dispoñibilidade dun orzamento tomando como criterios para o seu dimensionamento o número de habitantes, a situación xeográfica, a estrutura territorial, e os servicios necesarios.

Con respecto á definición dun orzamento específico para a área de xuventude, un estudio encargado pola Federación Española de Municipios e Provincias (Lloc, 1991), recolle o seguinte diagnóstico:

- A porcentaxe destinada a xuventude varía moi significativamente segundo o número de habitantes.
- O orzamento depende considerablemente dos recursos que posúe o municipio para explotar o seu patrimonio -terras comunais, monumentos ou conxuntos históricos, etc.-.
- Os cartos que se destinan a temas culturais, deportivos e de xuventude varian entre o 3% e o 15% do presupuesto municipal, variando a contía global significativamente, á marxe do orzamento global.
- A sensibilidade polos temas de xuventude é directamente proporcional ós cartos que se destinan, sen ser demasiado importante a tendencia do grupo político gobernanente.

Resulta difícil cotexar estas afirmacións coa realidade municipal na provincia de A Coruña, pero os datos iniciais parecen mostrar certa coincidencia con elas.

No conxunto da provincia, comprobouse que o 82,1% dos Concellos dispoñen dun **orzamento** para a área de xuventude, ben propio (o 33,9%) ou ben compartido (48,2%); só o 17,9% afirman non ter unha partida presupostaria específica.

Respecto ó volume do **orzamento que xestionan**, algúns técnicos aportan iste dato en términos porcentuais e outros coa cantidade en pesetas. Ó descoñecer o orzamento total asignado ó área, as respuestas son difícilmente comparables.

Como indicadores da situación, e sen pretensiones de xeralizar, analizamos os datos aportados en porcentaxes e observamos

que dos 17 Técnicos/as que responden só tres dispoñen do 100% do orzamento, e tres máis entre o 80-70% do mesmo. Tamén é significativo que catro deles indiquen manexar menos do 5% do presupuesto.

Oito dos técnicos aportaron as cantidades que se manexan na área, que oscilan dende os 50.485 € e os 601 €. Difícilmente podemos concluir se estas cantidades aportadas son complementarias ou se restan das cantidades aportadas. As cantidades fixas de gasto van dos 15.025 € e os 601€. En todo caso, resulta más que evidente a febleza orzamentaria na que se teñen que desenvolver os técnicos que xestionan programas e actividades relacionadas coa xuventude; debilidade que probablemente indica o papel subsidiario que se lle concede a esta área no contexto más amplio da acción cultural municipal. De feito, na maior parte dos casos, pode afirmarse que a política de xuventude –se se pode calificar de tal- é considerada como un ámbito específico da política cultural.

Respecto á **distribución do orzamento** os datos que se aportan obrigan a ser cautos. A maioría afirma gastar arredor do 10% en cada actividade, o que sumado ás 10 actividades que era posible incluir no cuestionario, parece indicar que gastan o 100% do orzamento en actividades, sen embargo, tendo en conta as anteriores respuestas, non se pode concluir isto.

Só o 29% dos técnicos responde á pregunta sobre a contratación de monitores de apoio, dos que catro afirman non contar con ningunén e cinco gastan o 10% do orzamento niste concepto. Un técnico indica que gasta o 100% do orzamento, dous por debaixo do 10% e cinco entre o 10-20% e un o 40%.

criterios / opcións (%)	1º	2º	3º	4º	5º
Liñas políticas	26,5	8,9	20	11,5	22,2
Memorias de actividades	2	20	40	26,9	22,2
Documentos técnicos	8,2	17,8	5	38,5	11,1
Programacións anteriores	18,4	31,1	25	19,2	16,7
Estudio de Necesidades	44,9	22,2	10	3,8	27,8
Ns/Nc	3,9	11,8	21,6	49	64,7

Táboa 13: Criterios na distribución dos orzamentos

No capítulo de **fuentes de financiamiento** son tres as entidades que colaboran económicamente co desenvolvemento dos programas locais para a xuventude: os Concellos financeiran un 95,6% das actividades programadas, a Xunta de Galicia o 91,1% e a Deputación da Coruña o 64,4%. É relativamente baixa a contribución económica dos propios beneficiarios (28,9%) o que debuxa un sector fortemente subvencionado, e desde esa perspectiva, con limitada marxe de manobra, innovación e autonomía. Neste ámbito existe unha dependencia case total das Administracións Públicas. De feito, a participación financeira de empresas privadas (11,1%) ou de entidades bancarias (8,9%) é moi feble.

Cabe destacar a escasa presencia entre as fuentes de financiamiento de dúas entidades con amplas atribucións e competencias neste ámbito: A FEGAMP e a UE, existindo en ámbalas dúas liñas propias de acción e financiación.

Con respecto á participación dos municipios en iniciativas dirixidas á xuventude e promovidas por outras institucións, a maior parte delas son levadas adiante pola Xunta de Galicia (85%) e, cunha frecuencia menor, por outras institucións como a Deputación (17,5%), o Consello da Xuventude de Galicia

o (7,5%) ou o Instituto Nacional de Juventud o (7,5%).

Por outra banda, en canto ás infraestructuras, non é doado optar entre a creación dun servicio municipal especializado na xuventude ou integralo noutros servicios dirixidos ó conxunto da comunidade. Os factores a ter en conta para optar por un ou outro modelo son múltiples: número de usuarios previstos, fuentes de financiamento accesibles, infraestructuras disponibles, outros servicios e programas existentes, etc. Das iniciativas especializadas e dirixidas á poboación xuvenil levadas adiante desde diferentes países da Unión Europea, atopanse diferentes modalidades para organizar a prestación de servicios: as que complementan a información con outros servicios de asesoramiento personalizado ós xóvenes con dificultades en Bélgica, Holanda, Suiza e Inglaterra; ou as que, como en Francia ou na Alemaña, centran o seu labor na oferta de experiencias formativas e prácticas orientadas a inserción laboral.

Na análise das infraestructuras municipais específicamente dirixidas a atender á xuventude, das 62 enquisas respondidas tan só en 14 concellos existe Casa da Xuventude, en 46 dispónen de Oficina de Información Xuvenil e en 8 Puntos de Información

Xuvenil. Isteas datos mostran unha realidade precaria en canto a espacios habilitados por parte dos Concellos para uso exclusivo ou principal dos mozos e mozas e das asociacións e colectivos xuvenís. De feito, unha das demandas actuais deste sector de poboación é a dispoñibilidade de espacios públicos gratuitos para o encontro da mocidade, desde os que se poidan promover programas e actividades de ocio alternativo, sendo ista unha carencia real na provincia. De feito, a maioría dos Concellos que teñen infraestructuras específicas dedicánselle a labores de información, divulgación ou orientación, sendo deficitarias as destinadas á actividades de promoción asociativa, encontro, creación xuvenil, etc. As instalacións dirixidas á xuventude ofertan espacios para actividades fundamentalmente de "consumo" (exposicións, biblioteca, aulas, etc.), pero poucos lugares para organizalas, promovelas ou desenvolverlas (oficiñas para asociacións, sas de reunións, etc.) e poucos espacios tamén para encontros informais (sas de estar, etc.).

O 71,7% das infraestructuras existentes están ubicadas en dependencias municipais. Tamén existen servicios que comparten instalacións con outros (28,3%) e en dous casos comparten espacio con centros escolares. A localización en dependencias municipais pode ser un factor que limite a eficacia e o funcionamento óptimo das iniciativas emprendidas: moitos dos servicios teñen que axustar o seu horario ós normalizados na administración municipal (de 8:00 a 15:00 horas ou en horarios partidos de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00), que poucas veces coinciden coa dispoñibilidade horaria dos potenciais usuarios. A maior parte dos servicios están integrados e dependen para o seu funcionamento da Rede de Información Xuvenil (82,1%).

Respecto ás **instalacións** (que non teñen por que ser propias como xa vimos no apartado anterior) dispónen dos seguintes servicios: a maioría dispón de biblioteca, aulas, sas para lectura e de reunións, de exposicións e servicio de internet. En menor medida, ademáis contan con servicios como sas para as asociacións xuvenís, cafetería, oficiñas das asociacións xuvenís, sas de estar ou auditorios.

Aínda que a maioría dos concellos non conta con Casa da Xuventude ou equipamentos similares, destinan outro tipo de instalacións para as actividades das asociacións xuvenís que existen no seu territorio. Concretamente no 92,8% dos concellos faise dita práctica.

Cando se pregunta sobre os factores que poderían redundar na mellora da calidad, maioritariamente sinalan a carencia de instalacións como unha demanda preferente (46,3%) e, en menor medida, aínda que significativamente, tamén se alude á formación e a regularización da situación laboral dos técnicos, ámbalas dúas co 22,2%.

Continuando coa descripción da realidade estudiada, no Informe Schwartz (1981) xa se facía fincapé na necesidade de que os Servicios Xuvenís tamén atenderan ás necesidades de integración social e laboral dos colectivos más desfavorecidos. Para elo destacábase a necesidade de profesionalizar ditos servicios: facilitando formación especializada ós dinamizadores remunerados e voluntarios, fomentando publicacións específicas, utilizando ás novas tecnoloxías para garantir unha información máis áxil e actualizada, etc. Tamén se insistía na creación de redes de centros, aunando e vinculando territorialmente os recursos e as capacidades existentes para potencialas. A noición de política integral de xuventude era o

eixo principal deste informe, que tería unha grande influencia no deseño das políticas públicas de xuventude dos anos oitenta e noventa en Europa, incluída España.

Na perspectiva integrada a colaboración vertical, entre administracións, e horizontal, entre as distintas áreas de xestión dentro dunha mesma administración, é fundamental. Neste sentido, non parece que a realidade galega teña avanzado moito. Non é frecuente, por exemplo, a existencia de programas intra-municipais ou extra-municipais que integren distintos servicios e recursos (culturais, educativos, de servicios sociais, etc.) para dar resposta a problemas asociados coa xuventude que requiren de enfoques amplos e complexos (as drogradiccionés, o tempo libre, a inserción social e laboral, o acceso á vivenda, a sexualidade, etc.).

A pesar de todo, a colaboración e coordinación con outras áreas e departamentos municipais parece ser unha práctica habitual segundo afirman o 73,2% dos encuestados. Esta colaboración é más frecuente coas áreas ou departamentos de Deportes, Servicios Sociais e Cultura, sendo más estreita con ista última. Existe menos relación con Turismo, Educación, coas Axencias de Desenvolvemento Local e Emprego. Por último, e case de xeito anecdótico, sinálase a colaboración coas instancias encargadas do Voluntariado, do Medio Ambiente, da Formación, da Muller ou dos Centros Sociais. É fácil descubrir neste mapa de coordinación un nivel moi baixo de integración. As áreas ou servicios que se coordinan son as que normalmente comparten a dependencia dunha mesma concellería (deportes e cultura), quedando fora dunha vinculación más forte departamentos ou servicios vitais para deseñar unha política integral de xuventude como son Educación, Emprego

ou Muller, por citar só tres. Tamén cabe matizar que baixo os conceptos de colaboración ou coordinación non se comprende case nunca o deseño de programas conxuntos e a longo prazo, senón que se alude ós contactos lóxicos entre áreas para manter unha coordinación básica (compartir locais, ordenar tempos, repartir orzamentos, etc.). A coordinación con outros Concellos tampouco é unha práctica habitual, aínda que o 55,2 % declaran telo feito algunha vez.

Os informantes do estudio realizado pola FEMP (Llop, 1991) manifestaron que a **proposta de actividades** nos Concellos menores de 5.000 habitantes baséase máis no voluntarismo e no esforzo persoal, que nun labor de análise e programación concreta e tecnicamente elaborado. Tanto as accións excelentes como as precarias realizanse independentemente do grupo político dominante. No intervalo de 5.000 a 10.000 habitantes a situación que se dibuxa é diferente; aquí si que se detectou unha relación directa entre a cantidad e a calidad das actividades ofertadas e a tendencia política do grupo de goberno: a maioría dos municipios que non teñen concellería de xuventude son dunha mesma tendencia política e os departamentos que no seu caso xestionan a área de xuventude fan de forma altruista en combinación con outras obrigas profesionais.

No caso dos municipios coruñeses e xa segindo datos do noso estudio, os medios empregados para a difusión de programas e actividades más frecuentes son a cartelería e as notas de prensa (75,4%), seguidos do labor da propia Oficina de Información Xuvenil (56,1%). Con menor importancia, algúns Concellos recorren tamén a enviar folletos ou a facer notificacións directas ós potenciais interesados (9,7%).

Os **criterios que priman no deseño da programación** son maioritariamente as directrices políticas establecidas (25,5%) e o estudio de necesidades realizados (43,1%), tendo menor relevancia as programacións doutros anos (17,6%). Pero, ó cruzar esta cuestión coa que inquería sobre a realización ou non de estudios de necesidades, só 15 dos 55 Concellos que respondieron sinalan ter feito algún estudio. Ista contradicción pode ter dúas explicacións: que se responda ó políticamente correcto na primeira cuestión (sinalando que a programación, como é de rigor metodolóxico, está fundada nun estudio previo de necesidades) ou a detección de necesidades non se fai a través de diagnósticos, senón probablemente a partir das demandas declaradas ou observadas dos usuarios, a avaliación dos monitores ou técnicos (o 83,3% responden no ítem 34 que sí avalán).

Nun segundo nivel de importancia como criterios de programación aparecen os programas doutros anos (27,5%), as memorias de actividades (31,4%) e documentos técnicos de diversa índole (19,6%).

Respecto ó contido e orientación dos programas e actividades desenvolvidas nista área resulta evidente que o ámbito da información é prioritario, sendo abordado por más do 90% dos municipios da mostra.

Os programas que implican algún tipo de formación sitúanse entre o 67% e o 75%, consistindo normalmente na organización de cursos e obradoiros propios ou en colaboración con outras entidades. Quantitativamente o peso da formación é menor que o da información pero tamén é elevado.

A oferta no ámbito do tempo libre más ligada á natureza tamén é importante. As activi-

dades más frecuentes son a organización de viaxes, o sendeirismo, a realización de acampamentos e de actividades deportivas (entre o 74% e o 80%), tendo menor significación os campos de trabalho, aínda que nove Concellos afirman promovelos. En conxunto, as actividades de tempo libre teñen menor peso que as de información e formación. Respecto do ámbito do lecer entre o 67% e o 79% din organizar obradoiros artísticos e culturais, videoforums e concertos, aínda que o peso das respuestas é menor que nos casos anteriores

As actividades de fomento do emprego reciben unha menor atención, só entre o 55% e o 65% afirman prestar servicios de asesoría, programas de formación laboral e de información sobre axudas específicas. Unicamente 13 concellos ofertan medidas de apoio directo á contratación de persoas xóvenes.

No ámbito da promoción social é significativo o esforzo que se realiza para o fomento do asociacionismo, do voluntariado e na oferta de concursos de diversa índole (entre o 63% e o 70% dos concellos). No que se refire ós programas de prevención a maioría desenvolveos no ámbito da educación ambiental ou da adquisición de hábitos saudables (entre o 63% e o 89%).

Respecto da relación coas institucións escolares locais, é significativo o apoio prestado á organización de actividades extraescolares, de orientación educativa e a dotación de bolsas de estudio (entre o 57% e o 70%).

No apartado do seguimento e valoración dos programas e actividades municipais dirixidas á xuventude, 52 dos 57 concellos que cumplimentaron a enquisa afirma que avalia

as súas iniciativas. En canto ó tipo de avaliación que se leva a cabo, maioritariamente baséase nas apreciacións do persoal técnico (35,2%) ou nos informes dos monitores (31,1%). Os cuestionarios ou enquisas anónimas tamén son utilizadas con certa frecuencia (23,7 %). Os criterios avaliativos que se utilizan prioritariamente son extremadamente elementais: en primeiro lugar tense en conta o número de participantes (86,3%), en segundo o nivel de uso das instalacións (64,1%) e, por último, a rendabilidade económica.

No estudio xa citado da FEMP (Lloc, 1991), sinálase que en ningún municipio menor de 10.000 habitantes, os xóvenes xestionan ou participan na xestión das actividades a eles dirixidas. Afirma, ademáis, que hai unha incapacidade manifesta por parte das administracións, e non só da local, para motivar ós xóvenes e implicalos nos programas e eles dirixidos, ó mesmo tempo que se destaca a escasa formación e a pouca capacidade organizativa dos mesmos para assumir iniciativas e responsabilidades. En moitos municipios, como se constata na provincia de A Coruña, a xuventude carece de locais específicos para reunirse, ocupando o seu tempo de lecer en bares, pubs e discotecas ou, cada vez máis, reapropiándose de espacios públicos para eludir os custos que implican esas actividades e gañar en autonomía fronte ás alternativas do ocio mercantilizado.

Aínda que os concellos afirman investir na promoción do asociacionismo xuvenil e en dar vías de participación ós xóvenes, a realidade é que só se teñen constituído tres Consellos Locais da Xuventude e ningún Consello Comarcal ou Provincial, ó que é preciso sumar un Consello da Xuventude de Galicia con pouco peso social. É necesario

investir máis e probablemente mellor no fornecemento do asociacionismo e na creación de espacios de participación reais para os xóvenes.

Non existen ofertas concretas de dinamización cultural dirixidas ou protagonizadas por e para mocidade como Feiras, Semáns ou Certames monográficos que contén co apoio municipal. Con respecto á implicación de asociacións xuvenís na elaboración da programación, o 50,6% dos concellos da mostra afirma que implican a algunha (entre unha e dez, pero maioritariamente entre unha e cinco asociacións); fronte ó 40,4% dos concellos que non teñen considerado ista posibilidade.

A acción sobre os ámbitos do *lecer xuvenil* debe asumir que traballa nun territorio da diversidade. A mocidade é plural nos seus estilos de vida (mesmo en pequenas comunidades) e, xa que logo, tamén nos seus estilos de ocio ("ociotipos"). A intervención desde o ámbito educativo, o deseño de políticas ou a xestión de servicios cara a xuventude, debe buscar o diálogo co xoven desde a flexibilidade nos códigos nos que se manifieste (ADOZ, 2002: 5).

Desde a aludida acción local, preocupa a escasa atención prodigada á xeración de procesos fronte á teimosa preocupación por presta servicios de calidad. Aquela significaría:

- garanti-lo acceso á información sobre os recursos disponibles
- favorece-la aprendizaxe a partir da experiencia
- posibilita-la maduración do coñecemento arredor do fenómeno

- fomenta-las canles de comunicación
- desenvolver mecanismos de participación.

Asumir istos obxectivos e tratar de traducilos en políticas activas é tan importante como realizar unha completa oferta de productos e a responsabilidade debe ser compartida entre: as Administracións Públicas, o tecido asociativo de base e a iniciativa privada. A transferencia de responsabilidades, é dicir, a costume social polo que facemos descartar nos demás (institucións, entidades, familia...) a obriga de dar resposta a cada unha das "nosas" necesidades e mesmo inquedanzas, se é asumida sobre todo desde a Administración Pública e mesmo Local (como así é en moitos casos a orientación que se lle da ás políticas de xuventude e lecer), non se irá polo camiño correcto.

O deseable é reconducir esa tendencia, redobrar esforzos e aumentar recursos na aludida xeración de procesos que favorezan a información, o coñecemento, a aprendizaxe, a comunicación e a participación da mocidade.

Por outro lado, é palpable a merma de protagonismo social do tecido asociativo (Subirats, 2001). As causas son múltiples e, no tocante ó tecido xuvenil, a existencia dunha diversificación e fragmentación do lecer, é unha delas. Outra, semella ser a feble importancia outorgada pola Administración á xeración de procesos que aquí se plantexa, e que podería ir canalizada a través dese tecido asociativo, fornecendoo. Pola contra, no seu lugar, producíuse un progresivo deslizamento cara a consecución de resultados a curto prazo (moi na liña das políticas municipais que pensan fundamentalmente en términos electorais), con accións puntuais pero de grande impacto. Crer e in-

vestir na trama associativa que forma na experimentación do fenómeno do lecer, cun total respecto á diversidade, semella vital, non só polo ocio, senón tamén pola propia rexeración de valores cívicos un tanto devaluados ultimamente.

É unha realidade que o fenómeno do ocio creceu moito e más rápido do que a nosa sociedade está preparada para dixerir. A meirande parte da cidadanía non tivo oportunidade de formarse en actitudes, coñecementos, habilidades ou destrezas que son imprescindibles no acceso, uso e disfrute dunha experiencia más humana do lecer. O uso de recursos, programas, servicios, equipamentos, actividades, posibilitan estilos de ocio, mesmo de vida, mais sempre a partir duns valores previamente consolidados. E non esquenzamos que tales ofertas non substitúen ós valores aludidos senón existen istos.

Algúns estudios (C.F.M. de A Coruña, 1998; Elzo, 1999) sinalan que ir e estar nos centros comerciais son un dos pasatempos da fin de semana preferido por moitos mozos e mozas das vilas e ciudades. En numerosas periferias urbanas, convítense en auténticas cidades do ocio xoven. As administracións que deron e dan o visto e prace urbanístico e normativo para tal oferta privada, deben coñecer, prever e corresponsabilizarse deste feito como modelador de novas pautas de lecer. As políticas de ocio xoven son, cada vez máis, cousa privada. As industrias culturais e os seus múltiples contenedores para a mocidade teñen moito de responsabilidade no fenómeno do lecer xuvenil actual e as súas problemáticas. A propostas sería que tódolos axentes implicados (incluídos os xóvenes) asuman a súa cuota de responsabilidade social nos modelos de ocio por eles impulsados.

Por último, respecto do **modelo de xestión** desta área e das figuras que adopta, pódese destacar que praticamente catro de cada dez concellos identifican no seu organigrama político unha Concellería de Xuventude (o 41,3%), mentres que nunha porcentaxe alta inclúen a área de xuventude noutras Concellerías (o 30,4 %). No 17,7% dos casos ten o rango de Departamento ou Servi-

cio Municipal. Só dous concellos da mostra declara ter un Plan Integral de Xuventude cunha vixencia anual e 15 os que afirman ter feito algúun estudio de necesidades. Prácticamente, nove de cada dez persoas das que respondieron a enquisa din coñecer total ou parcialmente o Plan Xove 2000-2003 da Xunta de Galicia.

## LIÑAS ESTRATÉXICAS



## INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS

1. Artellar un **Mapa de Equipamentos á comunidade** asumindo un enfoque territorial global equilibrado (al menos provincialmente), establecendo criterios de racionalidade xeográfica, constructiva e de dinamización cos municipios participantes e sendo respectuosos coas dinámicas e tradicións históricas da cada un dos concellos. Toda iniciativa presentada a este respecto á Deputación debería incluir:

- *Liñas básicas de intervención*
- *Inventario e análise dos equipamentos públicos e privados existentes, considerando aspectos como localización, natureza da acción, catálogo de usos, previsión de dotacións, forma de xestión prevista, etc.*

2. Incidir na importancia do **traballo en rede**, na necesaria complementariedade entre equipamentos e servicios municipais, entre contenedores de difusión sociocultural, en coordinarse coas industrias culturais ou deportivas privadas e o terceiro sector local. As convocatorias de axudas e de Planos provinciais debería ir concienciando neste sentido por medio do anuncio de liñas prioritarias.

3. Programa de **recuperación, consolidación e estudio do patrimonio construído** para uso sociocultural ou simplemente como referentes culturais e turísticos. Esixencia imprescindible dun plan de xestión ad hoc.

4. **Plano Sectorial de Equipamentos de Promoción Cultural e Xuvenil** (“Casa da Arte”, “Fábrica Cultural”, ...), como medio para potenciar a creación e os creadores locais. O acondicionamento de infraestructuras e equipamentos para a xuventude resulta fundamental para servir de sede das asociacións, para facilitar o traballo creativo de grupos de mozos e mozas (pintores, músicos, fotógrafos, etc.) e como lugar de encontro alternativo dos más novos.
5. Crear unha **liña de axudas** para rentabilizar e reacondicionar os equipamentos xa existentes e na actualidade infroutilizados, ampliando as bandas horarias, os días ou as épocas concretas do ano para o seu uso.

## INICIATIVAS DE CARÁCTER TRANSVERSAL REFERIDAS ÓS TRES ÁMBITOS

1. Promover e desenvolver iniciativas orientadas ó **fomento dunha cultura da programación e a avaliación de planos, programas e proxectos** de alcance provincial e municipal mediante os que se posibilite unha axeitada resposta ás necesidades e demandas da poboación, a priorización das actuacións, a optimización dos recursos e infraestruturas, a valoración dos procesos e logros acadados, etc. Isto requeriría de accións formativas e da convocatoria de foros de debate que propicien o intercambio de coñecementos e experiencias relativas ó deseño e avaliación de programas.
2. Elaboración do “**Catálogo de Ofertas Culturais, Deportivas e Xuvenis**” en

tanto que soporte e canle da programación municipal. Consistiría nunha publicación anual (soporte papel e CD) que recolla de modo diferenciado cada un deses sectores, referenciando o censo de artistas e grupos, servicios, iniciativas (festivais, certames, concursos, etc.) en suma, directorios vencellados ó quefacer cultural, deportivo e xuvenil a nivel provincial-municipal.

3. Impulsar o desenvolvemento de programas e servicios, de sensibilización de novas actitudes municipais cara ó fomento do **asociacionismo de base** e a cooperación con el, especialmente co de carácter xuvenil.

- *Asumir como unha das liñas prioritarias de apoio ós concellos, que estes promovan e desenvolvan servicios e accións concretas cara as entidades sen ánimo de lucro (Axencias Municipais de Apoyo Asociativo, Seminarios Formativos para recursos humanos, campañas de voluntariado, guías de recursos asociativos, traballo inter-asociativo en rede, sinatura de protocolos de cooperación, axudas económicas anuais reguladas...)*
- *Como estratexia fornecedora, manter as axudas económicas ás entidades por parte do organismo provincial, pero priorizando as políticas de convenio fronte ás subvencións. Dese xeito, contribuiríase a clarificar as relacións entre a Deputación e as asociacións, dando mostras dunha madureza compartida, xerando un esforzo de formación, tecnificación e complidade mútua.*

4. A convocatoria, publicitación e soporte documental da maioría dos programas de **difusión cultural, deportiva e xuvenil** da Deputación Provincial deberían estar na web provincial (ou en portales específicos «Cultura e Provincia»), simplificando os requisitos burocráticos (cun banco de datos propio), podendo ser cubertas e enviadas dixitalmente as peticións a través desta vía.

5. Toda iniciativa de **formación** debe xurdir dun marco conceptual predefinido. Nese marco, insértanse medidas que fagan evolucionar en conxunto as políticas municipais con innovacións que reclaman os novos tempos, tales como:

- *Facer corresponsables da política cultural e deportiva da Deputación, do deseño da mesma e o seu seguimento, ós concelleiros das áreas afins dos concellos. Convocar o “I Foro de Concelleiros de Cultura da Provincia” mediado o segundo semestre de 2002. Dar a coñecer ós concellos os resultados do presente Informe e explicitaríalles as liñas estratéxicas que pretende aplicar o organismo provincial.*
- *Establecer acordos con autores ou equipos de expertos para iniciar unha liña de publicacións dirixida a dar información, servir de norte estratégico, de exemplificación positiva do quefacer municipal en cultura e deporte, atendendo ós seus diversos ámbitos e audiencias.*
- *En base ás deficiencias detectadas neste Estudio, lanzar unha primeira convocatoria de Seminarios Sectoriais Formativos por comarcas e áreas de*

*acción municipal que faciliten a asistencia dos técnicos en pequenos grupos (“Lecer Comunitario”, “Xestión de Públlicos”, “A difusión da información”...)*

- *Deseñar e ofertar “Cursos de Formación” para Técnicos Municipais en Cultura, Xuventude e Deporte, cunha estructura tal como:*

- Realización de diferentes módulos presenciais.
- Realización dun módulo virtual a través dun traballo en rede.
- Presentación dun Proxecto Final a desenvolver no municipio de orixe.

## ACCIÓN CULTURAL

1. Apoio expreso ás **iniciativas culturais descentralizadas**: unha liña estratéxica de promoción cultural que dea pulo nos diversos concellos a proxectos presentados perante á Deputación e que vaian na liña de:
  - *Diffusión e coñecemento do patrimonio cultural local.*
  - *Desenvolvemento integral do territorio: a cultura como eixe transversal.*
  - *Estimulación da creatividade e dos creadores locais.*
  - *Proxección exterior da cultura local.*
  - *Inserción da oferta cultural como eixo importante na oferta turística do concello.*

- Promoción de proxectos de carácter intermunicipal e comarcal.
  - Favorecemento do terceiro sector local.
  - Axudas á creación máis de vanguarda, de novas propostas.
2. Maior atención ó **Patrimonio Cultural**. Edición dun Manual Básico para a Xestión do Patrimonio Cultural Local que prevexa procedementos de actuación e valoración en caso de descuberta de xacementos, modelos de xestión e sistemas de integración culturais, xeitos de explotación. Outras medidas paralelas:
- Colaboración cos concellos na edición de material didáctico de aproveitamento educativo do seu patrimonio.
  - Axudas específicas para a recuperación e dotación de Arquivos Municipais con sección de imaxes (apoianto a recuperación de fondos particulares para uso público).
  - Accións para que os Museos, Ecomuseos e Centros Artísticos dos municipios se consoliden como polos de desenvolvemento cultural, económico e social seguindo os paradigmas de novos xacementos de emprego e da potenciación dos recursos endóxenos. Estes Centros poden xogar un papel clave no desenvolvemento local (sobre todo nas zonas rurais).
3. Artellar iniciativas de sensibilización municipal ó respecto das oportunidades que se derivan das **políticas culturais dictadas pola Unión Europea**. A través

- do "Infopoint. Europa", por exemplo, animando ós concellos a presentar proxectos, asesorálos en todo o proceso (trámites, busca de socios...), elaborando memorandos de recursos europeos para o sector cultural en forma de guía que se axuste ás necesidades e posibilidades propias dos Concellos. E outras accións tales como:
- Favorecer a xemelgase con outros concellos europeos e orientar correctamente nesa decisión (facendo prevalecer as razóns de actividade cultural sobre as de carácter xeográfico ou económico).
  - Acceso individual a fondos europeos.
  - Asociación bilateral de proxectos.
  - Pertenza a redes de municipios.
4. Edición da “**Guía Cultural**”, información de periodicidade bimensual sobre a oferta cultural municipal da provincia. A súa publicación (podería ser unha páxina insertada nos diarios con presencia provincial) obrigaría a un traballo serio de coordinación entre a ÁREA de Cultura Provincial (na plataforma que se artelle) e os Concellos.
5. Deseño e desenvolvemento do Programa “**Arte na Rúa**”, vencellando ós gobernos locais e asociado á xestión urbanística, cultural e turística local, nun dobre intento de apoiar ós creadores e mellorar a estética das nosas vilas e cidades.
6. Deseñar campañas de **promoción de públicos** en colaboración cos concellos ó respecto da sensibilización artística: teatro, danza, música, artes visuais...

7. Crear o **portal “Cultura e Provincia”** (podería ser no marco do web da Deputación) co obxectivo de ser a plataforma informativa, formativa e difusora do quefacer cultural municipal dos concellos da provincia. A creación dunha “Intranet” de intercambios profesionais e unha “extranet” para conectar ó sector cultural co exterior, proporcionar noticias, comprobar políticas culturais, crear cultura de rede, etc.
8. Deseño dun **Plano Provincial da Lectura Pública**, baseado en iniciativas tales como:
- Axudas para a modernización dos servicios bibliotecarios, facendo especial fincapé no investimento en novas tecnoloxías.
  - Accións de formación e reciclaxe profesional para os responsables da xestión e dinamización dos servicios municipais de lectura.
  - Envíos a cada biblioteca municipal das obras editadas pola Deputación,
9. **Acción cultural e turismo**: coordinación (alí onde exista un ente supramunicipal) ou protagonismo para a promoción turística de zonas con identidade de seu, optimizando inversións. Elaboración de literatura turística compactada (non por municipios) en varios idiomas, campañas publicitarias verdadeiramente coordinadas con eventos puntuais (Mostra do Encaixe, Mostra da Olería...), actuando (mentras non exista outra instancia para tal fin) de ente supramunicipal.

## ACCIÓN DEPORTIVA

1. Apoiar (finanzamento, asesoramento técnico, etc.) aqueles programas enfocados ó **deporte para todos**, os centrados na promoción da saúde e no axeitado disfrute do lecer.
2. Potenciar os programas especialmente dirixidos ós grupos poboacionais tradicionalmente menos vinculados ás prácticas físico-deportivas (mulleres, persoas maiores, discapacitados).
